

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS.

CURSO 2019-2020

INDICADORES

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
1.1-COMPOSICIÓN DO SEMINARIO DE INGLÉS	4
1.2-CONTEXTUALIZACIÓN	4
1.3- FINALIDADE E OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DO BACHARELATO. (LOMCE)	5
2-CONTRIBUCIÓN DA LINGUA INGLESA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ...	9
PROGRAMACIÓN PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.	10- 148
3- PROGRAMACIÓN 1º ESO.	10
3.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.	10
3.2-TEMPORALIZACIÓN	19
3.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	30
4- PROGRAMACIÓN 2º ESO.	32
4.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.	32
4.2-TEMPORALIZACIÓN	40
4.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	45
5- PROGRAMACIÓN 3º ESO.	48
5.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.....	49
5.2-TEMPORALIZACIÓN	61
5.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	71
6- PROGRAMACIÓN 4º ESO.	74
6.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE	74
6.2-TEMPORALIZACIÓN	82
6.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	87
7- PROGRAMACIÓN 1º BACHARELATO.	91
7.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E	

RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE	91
7.2-TEMPORALIZACIÓN	108
7.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	117
8- PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO.	122
8.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.	122
8.2-TEMPORALIZACIÓN	132
8.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	136
9-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN ESO E BACHARELATO	140
10-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	141
11-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN, E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	142
11.1-ESO	142
11.2-BACHARELATO	146
12-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO DA PRÁCTICA DOCENTE	150
13-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	151
14-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	153
15- PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA OS REPETIDORES	158
16-ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO	158
17- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS	159
18-MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	159
19-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN	160
20-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	162
21-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROPOSTAS DE MELLORA	162
22- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	163
23- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	163

24-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	163
25-MEDIDAS A TOMAR EN CASO DE FRAUDE POR PARTE DOS ALUMNOS	163

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1-COMPOSICIÓN DO SEMINARIO DE INGLÉS

No curso académico 2019-20 no IES de Curtis vaise impartir a materia de Lingua Estranxeira Inglés nos seguintes cursos: 1º, 2º, 3º (que conta cunha sección bilingüe en Tecnoloxía) e 4º ESO; 1º e 2º de Bacharelato ; 1º e 2º de F.P . Básica de Mantemento de Vehículos/ Servizos Administrativos en 1º. Así mesmo impartirase a materia de libre configuración de centro proposta polo departamento: Reforzo / afondamento de Inglés en 1º e 2º ESO, e en 1º e 2º de Bacharelato.

O Departamento de Inglés está formado por tres profesoras.

Mª Luísa López Velo (PES), xefa do departamento e que impartirá a materia de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés en un grupo de 4º ESO (con un desdobre neste grupo), dous grupos de 2º de Bacharelato, e un grupo de 2º F.P. Básica de Mantemento de Vehículos/ Servizos Administrativos e a materia de Libre Configuración do centro: Reforzo/ afondamento de inglés en un grupo de 2º Bacharelato. É titora do grupo de 2º de Bacharelato A e coordinadora da aula de convivencia.

Elena Lagoa Freire - (PES). Impartirá a materia de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés en: dous grupos de 3º ESO divididos en bilingüe e non bilingüe, dous grupos de 1º de Bacharelato, un grupo de 1º FP Básica de Mantemento de Vehículos , e a Materia de Libre Configuración do centro: Reforzo / Afondamento de Inglés en un grupo de 1º Bacharelato . É titora de 1º Bacharelato-A, é tamén Coordinadora da sección bilingüe de 3º ESO.

Mª José Barreiro Rey - (MPA). Impartirá a materia de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés en dous grupos de 1º ESO, dous grupos de 2º de ESO e a Materia de Libre Configuración do Centro: Reforzo de Inglés en dous grupos de 1º ESO e en dous grupos de 2º ESO. É titora de 1º ESO B.

1.2-CONTEXTUALIZACIÓN.

Marco normativo.

Programacións Lomce: as programacións de Inglés de 1º e 3º ESO e 1º Bacharelato fanse no marco da seguinte normativa.

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, DOG, mércores 29 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

1.3- FINALIDADE E OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DO BACHARELATO.

ESO:

Finalidade:

A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Obxectivos

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse

no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

BACHARELATO

Finalidade.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse a vida activa con responsabilidade e competencia. Os capacitará para acceder á educación superior.

Obxectivos.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2- CONTRIBUCIÓN DA LINGUA INGLESA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece as seguintes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A contribución da materia de inglés ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave pode entenderse a través da relación entre estas e os estándares de aprendizaxe avaliáveis, tal e como se recolle nas táboas que figuran na programación de cada un dos cursos.

3- PROGRAMACIÓN 1º ESO.

3.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais.</p>			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale dexeito pausado e ben articulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentación moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

	texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	contexto. ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formale que versen sobre		
1. a.i.1.a.i.1.a.i. PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais.			
		asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. ▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso. ▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos,	▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito. ▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

		articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.		
	Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación. – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa . – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Execución. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). ▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e parangüísticos: – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Petición de axuda ou clarificación. – Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. 	<p>solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes ▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. 	<p>cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas avhegas dos seus compañeiros e compañeiras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas 		

	<p>discursivos para indicarlle ao destinatario ou óinte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas. 	<p>demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación</p>		
	Bloque 3: Comprensión de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura emandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipótesis sobre significados a partir da comprensión de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). ▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e 	<p>PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico laramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

	elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.	non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.		
	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.	▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. ▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese. ▪ PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
	Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción			
▪ a ▪ c ▪ d ▪ i	▪ B4.1. Estratexias de produción: – Planificación. – Mobilización e coordinación das	B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por	PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>propias competencias xe rais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>– Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.</p>	<p>exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, un control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<p> citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situación da vida cotiá e do seu interese.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Execución. – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer 	<p>Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade <p>B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida,</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situación da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.). – Revisión: – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. 	<p>e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/ as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. 	<p>CCL</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 	<p>CCL</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. ▪ B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas. – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións. ▪ B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e padróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. 	<p>traballo, no centrodcente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral he escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
	<p>PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO</p>			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>▪ B5.4. Plurilingüismo: – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>▪ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relación persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situación presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, certeza e a dúbida.</p>	<p>en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe</p> <p>▪ B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.</p> <p>▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situación habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais</p>	<p>do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).</p>	
			<p>PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<p>▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compe- tencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – – Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas 			

	relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estruturas sintácticodiscursivas propias de cada idioma			
--	---	--	--	--

Contidos sintáctico-discursivos:

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*first conditional*).
Relacións temporais (*as soon as; while*). Afirmación (*affirmative sentences; tags*). Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!*). Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags*). Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; presente (present simple and continuous)*); future (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*); habitual (*simple tenses + Adv., e. g. usually; used to*); incoativo (*start + verb+ ing*); terminativo (*stop + verb+ ing*).
Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
Expresión da existencia (*e. g. there will be/has been*); (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns. (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (*e. g. good at maths; rather tired*).
Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: *e. g. all (the), most, both, none*. Degree: *e. g. really; quite; so; a little*).
Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually*).
Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*).

3.2-TEMPORALIZACIÓN.

Os diferentes estándares de aprendizaxe así como as competencias clave asociadas trabállanse en todas as unidades ao longo do todo o curso. O que varía é o nivel de dificultade dos contidos e das tarefas a realizar segundo avanza o curso. Os estándares de aprendizaxe están relacionados cos distintos bloques de contidos e estes en moitos casos relacionados entre si, especialmente o bloque 5 (patróns sonoros, acentuais, rítmicos, patróns gráficos e convencións ortográficas, aspectos socioculturais e sociolingüísticos, plurilingüismo, función comunicativas). Así mesmo o están cos contidos sintáctico-discursivos, imprescindibles para a adquisición deses estándares.

-1º Trimestre : Introducción e unidades 1,2,3

-2º Trimestre: Unidades 4,5,6

-3º Trimestre: Unidades 7,8,9

UNIDADE DE INTRODUCCIÓN:

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Escoitar de maneira comprensiva varias palabras e frases relacionadas coa linguaxe da clase.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Uso da linguaxe nos saúdos e presentacións. Comprensión e expresión oral dun diálogo.

Comprensión e expresión oral da linguaxe da clase. Realización dun exercicio para practicar un diálogo, utilizando a linguaxe típica da clase.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Uso de instrucións e preguntas para interaccionar na aula, co profesor/a e cos compañeiros/as, e tamén para presentarse e saudarse. Repaso do vocabulario relacionado co material escolar, os números, as cores, os días da semana, os meses e a familia. Repaso da linguaxe da clase.

Contidos sintáctico-discursivos:

Uso dos pronomes persoais, os adxectivos posesivos e os determinantes demostrativos **this**, **that**, **these** e **those**. O verbo To Be, have got.

UNIDADE 1: Who is it?

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dunha conversación telefónica sobre avatares. -Comprensión escrita dun concurso de preguntas e respostas sobre o pelo vermello.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Responder varias preguntas para demostrar a comprensión dos audios. Interacción oral co compañeiro/a para facer unha descrición oral dun dos avatares e adiviñar cal é.

Práctica oral dos minidiálogos co compañeiro/a. Interacción oral co compañeiro/a para describir e identificar os adolescentes das fotos, utilizando o vocabulario dado.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Lectura dunha páxina web sobre un concurso de avatares. Comprensión escrita dun concurso de preguntas e respostas sobre o pelo vermello. Ler de forma comprensiva e autónoma textos curtos sobre unha páxina web. Produción dun correo electrónico no que se describa un amigo/a.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión dos textos. Realizar unha enquisa. Redactar un correo electrónico no que se describa un amigo/a.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Identificar e producir sons de especial dificultade: /i:/, /I/. Análise da estrutura do contido dun correo electrónico.As partes do corpo. Identificar palabras clave mediante as súas definicións. Adxectivos relacionados coa personalidade.Contestar a varias preguntas relacionadas coas distintas formas de dicir “ola” no mundo. Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

Contidos sintáctico-discursivos:

Uso do verbo **to be** para facer descrições e achegar información sobre algo (formas afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves), do verbo **have got** para expresar posesión (formas afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves), e dos pronomes interrogativos **What, Where, Who** e **When**. *Saxon Genitive*: uso do xenitivo saxón para expresar posesión.

UNIDADE 2: Bon Appétit!

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Escoitar e comprender unha conversación e unha entrevista. Comprensión oral dunha conversación telefónica sobre un restaurante .Lectura dun texto descritivo sobre a comida favorita dunha moza.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Expresar gustos e intercambiar información persoal. Contestar a varias preguntas para demostrar a comprensión do audio. Interacción oral co compañeiro/a para falar da carta de Joe's Crazy Restaurant. Interacción oral co compañeiro/a para adiviñar a súa comida e bebida favoritas,

facendo e respondendo preguntas. Contestar a varias preguntas para demostrar a comprensión do audio. Práctica oral de presentación co compañeiro/a, utilizando a información do póster. Interacción oral co compañeiro/a para poñer en orde e practicar uns minidiálogos con linguaxe típica entre camareiro/a e cliente/a nun restaurante.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo dunha revista e un proxecto escolar.

Lectura dun artigo dunha revista sobre as cores das comidas. Comprensión oral e escrita dun proxecto escolar sobre a comida da rúa.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión dos textos. Completar un formulario de información unindo unha serie de preguntas e respostas. Producción dunha descrición da comida favorita do alumno/a.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Identificar e pronunciar correctamente as letras do alfabeto. Aprender o vocabulario relacionado coa comida, os países, as nacionalidades e as linguas. Lectura, comprensión e expresión oral dos países, as nacionalidades e as linguas. O uso correcto dos signos de puntuación que se empregan ao escribir un texto descritivo: o signo de interrogación, o signo de exclamación, o punto e a coma. Practicar as normas ortográficas, corrección de erros gramaticais. Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Interese por coñecer diferentes comidas e costumes gastronómicos en varios países.

Contidos sintáctico-discursivos:

Practicar o uso de *There is / There are, a , an, some, any, the* e *How much / How many*.

Uso de **There is / There are, a , an, some, any** e **the** con nomes contábeis e incontábeis, nas formas afirmativa, negativa e interrogativa, e en respostas curtas.

Os plurais irregulares *How much / How many*: uso de *How much* e *How many*

UNIDADE 3: Animal Facts.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Escoitar e comprender unha enquisa e unhas conversacións. Comprensión oral dunha conversación entre dous estudantes, facendo o concurso de preguntas e respostas sobre o mundo animal. Comprensión oral e escrita dun blog sobre un café de gatos. Contestar a varias preguntas para demostrar a comprensión dos audios. Expresión oral da hora.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Describir animais e falar sobre as rutinas. Interacción oral co compañeiro/a para facer preguntas e respostas sobre os hábitos e rutinas, utilizando o vocabulario dado. Interacción oral co compañeiro/a para describir e adiviñar un animal dos que aparecen no concurso de preguntas e respostas sobre o mundo animal.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo e unha entrada dun blog. Lectura dun artigo obxectivo sobre os lobos.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Escribir un informe sobre un animal. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión dos textos. *Quiz Time*: facer un concurso de preguntas e respostas para que os alumnos/as pescuden se lles gustaría traballar con animais.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Identificar a pronuncia das terminacións *-s* e *-es* na terceira persoa do singular: /s/, /z/ e /iz/. Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións. Datos curiosos e interesantes sobre as distintas zonas horarias do mundo.

Aprender e empregar vocabulario relacionado cos animais e coas rutinas.

Contidos sintáctico-discursivos:

Present Simple nas formas afirmativa, negativa e interrogativa, e en respostas curtas, para falar de feitos e rutinas. Uso correcto de **How long** e repaso de **How much / How many** e dos pronomes

interrogativos **What, Where e When**. *Adverbs of Frequency*: uso dos adverbios de frecuencia **never, rarely, sometimes, usually, often e always**.

UNIDADE 4: Around Town.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

comprensión dos distintos lugares da cidade.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Solicitar información e pedir indicacións. Interacción oral co compañeiro/a para preguntar por enderezos e indicalos desde os outros dous puntos, utilizando o vocabulario dado. Interacción oral co compañeiro/a para falar do que cren que están a facer os seus familiares e amigos nese momento. Expresión oral dos distintos lugares da cidade. Contestar a varias preguntas para demostrar a comprensión dos audios. Interacción oral co compañeiro/a para simular unha situación na que están a visitar outra cidade ou vila próxima á súa e queren comprar algo. Comprensión e expresión oral das datas.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web e unha tira cómica. Lectura, comprensión e expresión oral dos distintos lugares da cidade. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión do texto. A indicación de enderezos e as preposicións de lugar.

Lectura dunha redacción sobre a cidade de Chicago.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Escribir unha redacción sobre unha cidade ou unha vila. Facer unha tarxeta de felicitación para algún familiar ou amigo/a.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Identificar e pronunciar correctamente a terminación **-ing**. Uso correcto das maiúsculas en inglés. Vocabulario relacionado cos lugares da cidade, as preposicións de lugar, e o vocabulario empregado para indicar enderezos. Comprensión e expresión oral de indicacións. Dicar as mesmas indicacións na lingua materna do alumno/a. O uso dos números ordinais nas datas. Aprendizaxe da forma de dicir as datas en inglés, en contraste co español.

Contidos sintáctico-discursivos:

Present Continuous e do *Present Simple*. números ordinais nas datas.

UNIDADE 5: You can do it.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dunha chamada telefónica a un polideportivo. Interacción oral co compañeiro/a para falar dos deportes que practican e ven. Comprensión oral dunha páxina web de preguntas frecuentes. Comprensión oral dun artigo sobre os coches de carreiras e da primeira muller que gañou unha carreira na IndyCar. Comprensión oral dunha conversación sobre mulleres piloto. Comprensión oral dunha conversación sobre un xogo de ordenador.

Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión do audio.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Falar sobre as habilidades e explicar un xogo. Interacción oral co compañeiro/a para falar de cousas que teñen en común. Poñer en orde os contidos duns minidiálogos. Práctica oral dos minidiálogos co compañeiro/a. Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre un deporte ou un videoxogo. Crear diálogos e practicalos coas preguntas e respostas que aparecen nos cadros de texto. Interacción oral co compañeiro/a para simular unha situación na que se convida a alguén a un evento, apoiándose nos contidos vistos na sección.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Lee de forma comprensiva e autónoma unha páxina de preguntas frecuentes e un artigo sobre deportes. Comprensión escrita dunha páxina web de preguntas frecuentes. Comprensión escrita dun artigo sobre os coches de carreiras e da primeira muller que gañou unha carreira na IndyCar.

Contestar a varias preguntas para demostrar a comprensión do texto.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Escribir a descrición dun deporte ou xogo.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Identificar e pronunciar correctamente a negación dos modais e as súas contraccións.

Datos curiosos e interesantes sobre os deportes en Reino Unido.

Vocabulario relacionado cos deportes, e cos verbos de acción.

Contidos sintáctico-discursivos:

Uso de *can* , *must*, e dos adverbios de modo e de intensidade. *Can*: uso nas formas afirmativa, negativa e interrogativa, e en respostas curtas, para falar de habilidades e posibilidade. - *Must*: uso na forma afirmativa para falar de obrigacións, e en negativa (*mustn't*) para expresar prohibicións. *Adverbs of Manner and Degree*: uso dos adverbios de modo (regulares e irregulares) e de intensidade, para describir accións.

UNIDADE 6: Is it real?

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Escoitar e comprender descrições dun programa de televisión, un libro e películas.

Comprensión oral e escrita dunha guía de televisión. Comprensión oral dun extracto dun libro.

Comprensión oral dunha conversación sobre un libro. Comprensión oral dunha conversación na que dous amigos fan plans para ir ao cinema. Interacción oral co compañeiro/a para simular unha conversación na que se fan plans para a fin de semana. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión do audio.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Dar opinións e facer suxestións. Comprensión oral dun debate sobre un programa de televisión. Interacción oral co compañeiro/a para falar dos tipos de programas de televisión que lles gusta ver e os que non. Interacción oral co compañeiro/a para comparar cousas. Expresión oral da opinión sobre os distintos tipos de películas.

Contestar a varias preguntas para demostrar a comprensión do audio.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Ler de forma comprensiva e autónoma unha crítica dunha guía de televisión e o extracto dun libro.

Comprensión escrita dunha guía de televisión. Comprensión oral e escrita dun extracto dun libro.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Escribir a crítica dunha película.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Identificar e producir sons de especial dificultade, como **th** en “that” (/ð/) e en “think” (/θ/). Uso correcto das maiúsculas en inglés.

Datos curiosos e interesantes sobre os dous mellores teatros do mundo.

Os adxectivos e os diferentes tipos de películas.

Contidos sintáctico-discursivos:

A forma comparativa dos adxectivos, os pronomes obxecto.

UNIDADE 7: At Home.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión dunha conversación sobre un dormitorio, sobre a familia Obama e unha descrición dunha casa.. Comprensión oral e escrita dun artigo dunha revista

Bloque 2: Producción de textos orais.

Participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a para describir un dormitorio, comparar imaxes e falar dunha casa ou piso. Interacción oral co compañeiro/a para descubrir máis cousas sobre a súa vida, empregando correctamente o pasado do verbo *to be*.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprensión escrita dun texto sobre un desafío, sobre a Casa Branca e sobre a Torre de Londres.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Expresión escrita da comparación dun cuarto antes e despois dunha reforma, utilizando as expresións e vocabulario adecuados. Escribir a descrición dunha imaxe. Completar un diálogo escrito sobre unha mudanza a un piso.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Pronuncia de sons coma o “o” en “clock” (/ɒ/), en “oven” (/ʌ/) e en “sofa” (/əʊ/).

Utilización de distintas palabras para designar unha mesma cousa en inglés británico e en inglés americano.

Vocabulario relacionado coa vivenda e o enxoval.

Contidos sintáctico-discursivos:

O pasado do verbo *to be*: **was / were**. Uso nas formas afirmativa, negativa e interrogativa, e en respostas curtas, para describir e falar de acontecementos pasados

There was / There were; e as conxuncións.

UNIDADE 8: Then and Now.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión dunha conversación sobre profesións, un programa de radio sobre Picasso e unha conversación sobre as actividades da fin de semana. Comprensión oral dun folleto dun museo. Comprensión oral dos perfís duns nenos prodixio.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a para falar de profesións, preguntar sobre a información dun texto, falar das actividades da fin de semana e facer preguntas sobre un museo. Interacción oral co compañeiro/a para unir as preguntas do diálogo coas respostas correctas e practicalas.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprensión escrita dun texto sobre un museo, outro sobre nenos prodixio, e outro máis sobre unha nova artista. Comprensión oral e escrita dun folleto dun museo. Lectura, comprensión e expresión oral de diferentes actividades que forman parte do plan semanal dun estudante. Lectura da entrada dun blog sobre as actividades que unha estudante fixo un sábado.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Expresión escrita dunha entrada de blog sobre as actividades da fin de semana, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Pronuncia da terminación regular do *Past Simple (-ed)*: /d/, /t/, /ɪd/.

Vocabulario relacionado coas profesións e as actividades.

Breve información sobre a educación durante a época vitoriana.

Contidos sintáctico-discursivos:

Past Simple (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves) e os conectores de secuencia.

UNIDADE 9: On Holiday.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión de conversacións sobre destinos turísticos, sobre unhas vacacións en familia, e sobre os plans para as vacacións. Comprensión oral dunha páxina de opinión.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a para falar sobre accidentes xeográficos, facer preguntas sobre as vacacións e facer preguntas sobre o horario e o percorrido dos autobuses. Comprensión oral dunha conversación que ten lugar nunha axencia de viaxes.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprensión escrita dunha páxina de opinión sobre destinos turísticos, un folleto sobre vacacións de aventura e a sección de libros e películas dunha revista de viaxe. Comprensión escrita dunha páxina de opinión. Lectura dun correo electrónico sobre uns plans de vacacións.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Expresión escrita dun correo electrónico para describir os plans para as vacacións, utilizando as expresións e vocabulario adecuados.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Pronuncia de sons de especial dificultade: /i:/, /I/.

Nomear as linguas que se falan nos países citados, e dicir os países que coñezan nos que se fale inglés.

Vocabulario relacionado cos accidentes xeográficos e coas pezas de vestir. Nomear as linguas que se falan nos países citados, e dicir os países que coñezan nos que se fale inglés.

Contidos sintáctico-discursivos:

be going to, o *Present Continuous* con valor de futuro. - *Present Continuous*: uso do *Present Continuous* con valor de futuro para falar de plans concretos.

3.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

Grao mínimo de consecución para os estándares de cada un dos bloques.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprende frases e expresións habituais, capta os puntos principais da información, distingue as ideas principais e formación relevante, identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal, comprende, nunha conversa informal, descrições, narracións..., identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas sobre asuntos cotidiáns o de seu interese.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira, fai presentacións moi breves e comprensibles, desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, establece contacto social en función da situación de comunicación, participa en conversas informais cara a cara, cunha pronunciación comprensible, empregando as convencións propias, colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais coperando activamente na realización de tarefas e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprende, con axuda de imaxe, instruccións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos o máquinas de uso común, e sigue instruccións básicas, entende información específica en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, entende os puntos principais

de anuncios ou material publicitario ou de internet propias da súa idade formulados de xeito simple e claro , atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves, entende información básica, comprende con fluidez textos adaptados.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Escribe notas e mensaxes en situacións reais ou simuladas na que se solicita información en relación con actividades do seu interese o da vida cotiá, elabora textos moi breves nas que expón actividades ou tarefas habituais, textos que expresen sentimentos básicos, completa un cuestionario sinxelo con información persoal, escribe notas, mensaxes breves en situación de comunicación reais ou simuladas relacionados con a súa vida cotiá respectando as convencións e normas de cortesía, escribe correspondencia persoal na que se establece e matén contacto social, se intercambia información básica sobre si mesmo e o seu entorno expresando opinións de xeito moi sinxelo, fai unha presentación moi coidada dos textos escritos utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Identifica sons e grafías de fonemas básicos, utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula e na participación en simulacións sobre temas cotidiás, utiliza as convencións orais básicas da lingua estranxeira, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira comparándoo con diferentes culturas, nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas, comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas e as estratexias de comunicación, reconece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico para comprender e elaborar textos sinxelos, participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e evita estereotipos e valora as competencias que posue como persoa plurilingüe.

Contidos sintáctico-discursivos:

Os traballados nas diferentes unidades que lle permiten o alumno unha adecuada comprensión e produción, tanto oral como escrita.

4- PROGRAMACIÓN 2º ESO.

4.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 2º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	Bloque 1. Comprensión de textos orais.			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación de palabras clave. – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave. ▪ B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel. ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar. ▪ PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. ▪ PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC 			

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. 	educativo, sempre que as condicións acústicas non distorcionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.		
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 2º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipótesis sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. ▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos. ▪ B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas. ▪ PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. ▪ PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC
	<p>Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervé na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

	<p>destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>– Execución:</p> <p>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e</p>	<p>coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>▪ B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa</p>	<p>▪ PLEB2.2. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CSC</p>
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 2º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>memorizados.</p> <p>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>– Lingüísticos:</p> <p>– Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>– Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.</p> <p>– Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>– Paralingüísticos:</p> <p>– Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións</p>	<p>Idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>▪ B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p> <p>▪ B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais</p>	<p>▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>▪ PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.</p> <p>▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CSC</p>

	<p>que aclaran o significado.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal) – Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.). – Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B2.3. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas. 	<p>persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situación habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurarexpresións e articular palabras menos frecuentes. ▪ B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado. ▪ B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. 	<p>interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 2º ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 3: Comprensión de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral a información esencial, os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión). ▪ PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC

	<p>adaptando a comprensión a el.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. 	<p>puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual. ▪ B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situación de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. 	<p>relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. ▪ PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. ▪ PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). ▪ PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
	<p>PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 2º ESO.</p>			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4. Producción de textos			

	escritos: expresión e interacción			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.). – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Elaboración dun borrador. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles. – Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). – Revisión: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo. ▪ B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico. ▪ B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo. ▪ B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc. ▪ B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. ▪ B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situación da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/ a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*not only...but also; both...and*); disxunción (*or*); oposición/ concesión (*(not...) but; ..., though*); causa (*because (of); due to; as*); finalidade (*to+ infinitive; or*); comparación (*as/not so Adj. as; less/more +Adj./Adv. (than); better and better; the highest in the world*); resultado (*so; so that*); condición (*if; unless*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*). Relacións temporais (*the moment (she left); while*). Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*). Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*). Negación (*negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither*). Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*). Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*). Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple /perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop -ing*). Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga(*have (got) to; must; imperative*); permiso (*may; could; allow*); intención (*present continuous*). Expresión da existencia (*e. g. there could be*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/ emphatic, one(s); determiners*); a cualidade (*e.g. pretty good; much too expensive*). Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit*). Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*). Expresión do tempo (*points e. g. at midnight, divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already;(not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily*). Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e.g. carefully; in a hurry*). Uso de conectores. *Have/get causative. Phrasal verbs. Gerund and infinitive*.

7.2-TEMPORALIZACIÓN:

Os diferentes estándares de aprendizaxe así como as competencias clave asociadas trabállanse en todas as unidades ao longo do todo o curso. O que varía é o nivel de dificultade dos contidos e das tarefas a realizar segundo avanza o curso. Os estándares de aprendizaxe están relacionados cos distintos bloques de contidos e estes en moitos casos relacionados entre si, especialmente o bloque 5 (patróns sonoros, acentuais, rítmicos, patróns gráficos e convencións ortográficas, aspectos socioculturais e sociolingüísticos, plurilingüismo, función comunicativas). Así mesmo o están cos contidos sintáctico-discursivos, imprescindibles para a adquisición deses estándares.

-1º Trimestre : Unidades 1,2,3

-2º Trimestre: Unidades 4,5,6

-3º Trimestre: Unidades 7,8

UNIDADE 1: Tech Time.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dunha conversación sobre a compra de entradas para un museo de ciencias.
Comprensión oral dunha unha conversación sobre información falsa que se fai viral, para realizar diferentes actividades.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Facer e responder preguntas de maneira oral, sobre hábitos e sobre a compra de entradas.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre os medios de comunicación sociais.
Comprender a información clave dunha enquisa sobre os hábitos acerca dos medios sociais, dunha conversación sobre información falsa que se fai viral e dunha conversación sobre a compra de entradas para un museo de ciencias.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Redactar un correo electrónico informal, prestando especial atención aos adverbios e á puntuación.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Pronunciar correctamente os sons similares aos contidos en software e site, as diferentes terminacións dos verbos regulares en Past *Simple* e a terminación en **-ing**, así como os sons similares aos contidos en you e discount.

Predecir o contido dun texto. Afianzar estratexias para a realización de exames. Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan. Estratexias para realizar unha actividade de comprensión oral. Datos curiosos sobre o maior uso da tecnoloxía.

Vocabulario novo relacionado coa tecnoloxía. *False friends*

Contidos sintáctico-discursivos:

Present Simple, o *Present Continuous*, o *Past Simple* e o *Past Continuous*.

UNIDADE 2: Crime Stories.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral de diferentes situacións relacionadas cos temas presentados na unidade. Comprensión oral dunha noticia sobre un roubo. Comprensión oral dunha unha transmisión de noticias para realizar diferentes actividades.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Familiarizarse co tema da delincuencia a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. Traballo en parellas para contar un crime. Traballo en parellas, coa expresión oral de preguntas e respostas, sobre un delito, do que un foi testemuña e sobre o que o outro interroga.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprensión dun texto sobre un roubo nunha casa, que sae mal, para realizar diferentes actividades de comprensión .

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Análise da estrutura dunha reportaxe sobre unha noticia a través de distintas explicacións e actividades. Expresión escrita dunha noticia, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Aprendizaxe da estratexia de lectura, para deducir o significado dunha palabra que non se coñece, mediante o contexto en que aparece; Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan.

Datos sobre a delincuencia a través da web en Gran Bretaña. comentario sobre o descenso da compra de xornais tradicionais no Reino Unido debido á puxanza dos xornais dixitais.

Pronunciación de sons similares. Entoación correcta das oracións.

Vocabulario relacionado coa delincuencia e cos medios de comunicación; os sufixos para formar adxectivos; as estruturas con **want**; uso de palabras como **daily, weekly, yearly, quarterly** e **monthly**. *False Friends*

Contidos sintáctico-discursivos:

Present Perfect Simple e do *Past Perfect Simple*; os conectores de finalidade.

UNIDADE 3: It's a Thrill!

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dunha conversación sobre unha fotografía que reflicte unha escena no medio dunha actividade de risco.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Traballo en parellas, coa expresión oral de preguntas e respostas, sobre unha fotografía que reflicte unha escena no medio dunha actividade de risco, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. Falar sobre unha viaxe e comentar unha fotografía.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Lectura de varias publicacións en redes sociais comentando diferentes fotos para contestar a varias preguntas. Comprensión de varios textos sobre persoas que practican actividades de risco, para realizar diferentes actividades de comprensión.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Expresión escrita dun texto para un *blog* de viaxes, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Aprendizaxe da estratexia de lectura baseada nunha lectura xeral do texto, para entender o significado xeral sen entrar en detalles. Antes de escoitar, buscar palabras clave nas preguntas para centrarse nelas e saber a que información hai que estar atentos ao escoitar. Análise da estrutura dunha entrada para un *blog* de viaxes, a través de distintas explicacións e actividades. Afianzar estratexias para a realización de exames.

Pronuncia correcta dos sons similares.

Vocabulario relacionado coa aventura

Contidos sintáctico-discursivos:

Adxectivos rematados en **-ed / -ing**; substantivos e verbos; xerundios e infinitivos. *False Friends*. *Future Simple*, *Future Continuous*, *Be going to* e *Future Perfect Simple*; os conectores de secuencia.

UNIDADE 4: Let's Talk.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión de información clave dun cuestionario sobre relacións, dunha conversación sobre citas programadas online e dunha conversación sobre a descrición dunha persoa.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Traballo en parellas, coa expresión oral de preguntas e respostas, sobre a descrición dunha persoa, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. traballo en parellas para manter unha entrevista persoal online, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Lectura dunha conversación online sobre a descrición dunha persoa, para contestar a varias preguntas.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Producción da descrición dunha persoa prestando atención os adxectivos.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Análise da estrutura da descrición dunha persoa a través de distintas explicacións e actividades. Afianzar estratexias para a realización de exames. Familiarizarse co tema das relacións entre persoas. Predición do contido dun texto a partir da procura de información específica. Comprensión dun texto sobre a detección de mentiras a través da linguaxe corporal e outras reaccións físicas das persoas, para realizar diferentes actividades. existencia dun novo programa informático desenvolvido por unha universidade para a detección de mentiras.

Pronuncia correcta dos sons similares.

Adxectivos para describir persoas.

Contidos sintáctico-discursivos:

verbos modais e os modais perfectos.

UNIDADE 5: What's On?

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dun diálogo sobre unha película. Comprensión oral dun programa de radio sobre unha emisora de radio desde un hospital, para realizar diferentes actividades.

Comprensión oral dunha conversación na que dous amigos están a facer plans.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Traballo en parellas para facer e responder preguntas sobre unha película que se viu. Práctica oral do aprendido sobre unha película baseada en feitos reais, contestando a varias preguntas que se expoñen. Traballo en parellas, coa expresión oral de preguntas e respostas, para facer plans.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprensión dun texto sobre a película *Argo*, para realizar diferentes actividades de comprensión .
Lectura dunha revista online de lecer, para contestar a varias preguntas.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Produción da descrición dunha persoa.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Familiarizarse co tema das películas a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. Comprensión do propósito do autor á hora de escribir un texto.

Diferenza entre o inglés británico e o americano, á hora de utilizar as palabras “*film*” e “*movie*”.

Cambio nos costumes da xente, que antes buscaban información sobre lecer nos xornais e agora fano a través de Internet. Análise da estrutura da crítica dunha película, a través de distintas explicacións e actividades.

Pronuncia correcta das formas débiles de **was** e **were**. Colocar correctamente o acento das palabras.

Expresións relacionadas coas películas.; palabras e expresións relacionadas co entretemento; false friends; idioms.

Contidos sintáctico-discursivos:

Expresións de verbos seguidos de xerundio ; sufixos para formar adxectivos. Uso adecuado da voz pasiva. Diferenzas coa voz activa. Os verbos causativos. Conectores de adición e orde da oración. Verbos seguidos de xerundio.

UNIDADE 6: How Much?

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dunha enquisa sobre hábitos relacionados co diñeiro. Comprensión oral dunha visita turística a Oxford Street, sobre hábitos de compras, para realizar diferentes actividades. Comprensión oral dunha conversación entre dous amigos sobre que agasallo de aniversario comprarlle a outro.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Traballo en parellas para facer preguntas e contestalas, sobre hábitos relacionados co diñeiro. Práctica oral do aprendido sobre as actividades de troco. Traballo en parellas, coa expresión oral de preguntas e respostas, para facer plans e tomar unha decisión.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprensión dun texto sobre as formas de troco actuais facilitadas polas novas tecnoloxías, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coa ABAU. Lectura e análise dun gráfico para contestar a varias preguntas.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Produción dun texto argumentativo prestando especial atención aos conectores de contraste.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Familiarizarse co tema do consumismo a través dunha serie de viñetas, para responder varias

preguntas. Os cambios de hábitos no consumismo, podendo pagar hoxe en día a través do móbil. Aumento dos gastos dos adolescentes nas últimas décadas. Procura de palabras clave nun texto, para identificar a idea principal do mesmo. Auxe de webs nas que se intercambian habilidades. Análise da estrutura dun texto argumentativo a través de distintas explicacións e actividades.

Pronuncia correcta do acento das palabras compostas. Pronuncia correcta dos sons similares.

Palabras e expresións relacionadas co consumismo; palabras e expresións relacionadas coas compras. *Collocations* relacionadas co diñeiro. False friends. *Phrasal Verbs*.

Contidos sintáctico-discursivos:

As oracións de relativo especificativas e explicativas. Os pronomes relativos. Conectores de contraste.

UNIDADE 7: In Shape.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dunha conversación sobre os beneficios dos deportes de competición. Comprensión oral de varios monólogos curtos na radio sobre as experiencias de adolescentes con certos alimentos, para realizar diferentes actividades. Comprensión oral dun diálogo no que unha amiga lle dá consellos a outra sobre hábitos saudábeis.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Traballo en parellas, para facer preguntas e contestalas, sobre os beneficios dos deportes de competición. Práctica oral do aprendido sobre os deportistas profesionais, contestando a varias preguntas que se expoñen. Traballo en parellas, coa expresión oral de preguntas e respostas, para dar consellos sobre hábitos saudábeis. Traballo en parellas para dar consellos nun foro de adolescentes.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Introdución do tema sobre o que os deportistas profesionais son capaces de facer para triunfar, co fin de contestar a varias preguntas. Comprensión dun texto sobre os riscos que ás veces están dispostos a correr os deportistas profesionais para triunfar, co fin de realizar diferentes actividades de comprensión. Lectura e análise dos datos que ofrece unha aplicación de móbil para levar unha vida sa, co fin de contestar a varias preguntas.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Producción dun texto de opinión.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Familiarizarse co tema do deporte a través de diversas fotografías, para responder varias preguntas. Comprensión do contido do texto a partir da inferencia de matices, ou lendo entre liñas, para comprender cousas que non están escritas. Apartado no que se fala de que moitas competicións de deportes pouco comúns se inventaron en países anglosaxóns. Existencia de todo tipo de aplicacións para axudarlle á xente a conseguir obxectivos a nivel de saúde. Análise da estrutura dun texto de opinión.

Pronuncia correcta dos sons. Pronuncia correcta das letras mudas.

Palabras e expresións relacionadas co deporte. False friends. palabras e expresións relacionadas cun estilo de vida san. Prefixos con significado negativo.

Contidos sintáctico-discursivos:

O estilo indirecto: uso e formación. *Reporting verbs*. Conxuncións causais e consecutivas. Uso de **because** e **because of**.

UNIDADE 8: Culture Shock.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Comprensión oral dun diálogo sobre o Nadal en Polonia. Comprensión oral dunha conversación sobre as cerimoniais para celebrar a maioría de idade en diferentes culturas, co fin de realizar diferentes actividades. Comprensión oral dun diálogo no que se comparan dúas fotografías.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Traballo en parellas, para facer preguntas e contestalas, sobre festividadeis. Práctica oral do aprendido sobre os insectos como alimento para humanos, contestando a varias preguntas que se expoñen. Traballo en parellas coa expresión oral de preguntas e respostas, para comparar dúas fotografías.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Comprensión dun texto sobre comidas pouco comúns na cultura occidental, pero tradicionais noutras, para realizar diferentes actividades de comprensión. Lectura dunha publicación en Facebook sobre unha viaxe e análise das fotografías que contén, co fin de contestar a varias preguntas.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Producción dun texto informativo.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Familiarizarse co tema das culturas a través de varias fotografías, para responder varias preguntas. Diferenzas culturais no ámbito da comida. Lectura da primeira liña de cada parágrafo para identificar a idea principal que contén. Análise da estrutura dun texto informativo.

Pronuncia correcta dos sons.

Palabras e expresións relacionadas coa cultura. False Friends. *Phrasal Verbs*.

Contidos sintáctico-discursivos:

O tres tipos de oracións condicionais. Uso e formación. Os modais nas oracións condicionais.

7.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

Grao mínimo de consecución para os estándares de cada un dos bloques.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala, deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que sigue e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias; comprende instrucións técnicas, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal, público, educativo ou ocupacional; comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou

ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos á actividades e procedementos cotiáns e menos habituais sempre que poida expor preguntar para comprobar que entendeu; comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar; comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar; identifica os puntos principais e detalles relevantes a unha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas, que se produce ao seu redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso

moi idiomático da lingua; compréndede nunha conversa informal ou nunha situación na que participa, información específica relevante sobre temas xerais ou de seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a diferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e non haxa interferencias acústicas; entende en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta, sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Participa con eficacia en conversas informais por varios medios, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños e ambicións, responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa ou a indiferenza, conta historias, o argumento dos libros, películas, indicando as súas reaccións, ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese, fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles, expresa con amabilidade creencias, acordos e desacordos e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos; desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentras viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas..., expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais requeridas; segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se mantenga nun ámbito predecible da interacción, compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos; fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo coa suficiente claridade para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas

estean explicadas cunha razoable precisión e responde a preguntas complementarias da audiencia ; inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiás de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria cun léxico sinxelo e poidendo facer pausas para pensar; toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas habituais e menos habituais pedindo ou dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expón os seus puntos de vista con claridade, e xustifica con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións; coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, o uso do contexto etc ; comprende o sentido xeral, os puntoss principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade e do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua; entende, en manuais, enciclopedias, libros de texto, páxinas web, en textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos en diferentes soportes, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos investigación realcionados coa súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas así como información do seu interese educativo ou educacional; comprende instrucións dunha certa lonxitude e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade sempre que poida ler as seccións difíciles; comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos; entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo; segue sen dificultade a liña argumentativa de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar la lingua, e ocmprende o carácter dos persoaxes e as súas relacións cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle; compprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en forose blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións do seu interese.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que da información perrtinente sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares, narrando acontecementoss nunha ssecuencia coherente, explicancdo os motivos e ofrecendo opinións e suxestión e liñas de actuación; nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito; completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral; escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallandoe ampliando a imformación que considera relevante en relación co propósito e o destinatario; toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un resumo coa

información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade; escribe notas, anuncios, mensaxes que transmitan e soliciten información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos ou ocupacionais, respectando as normas de cortesía; escribe correspondencia persoal e participa en foros e bloggs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade; escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que da e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Desenvólvese na maioría das actividades da aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua estranxeira e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación lingüística adquiridas noutras linguas; utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto ordena as ideas e xerarquízasas en principais e secundaria, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos; utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á

información procedente de diversas fontes e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diverso, e, durante as actividades da aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais; explica valores e comportamento propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural, coñece algúns aspectos significativos históricos, xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios; produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo; exprésase oralmente ou por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual, realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, escribe o resumo dun debate ou artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, etc); participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia ...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos

transversais, evita estererotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Contidos sintáctico-discursivos:

Os impartidos en cursos anteriores e os traballados nas diferentes unidades que lle permiten o alumno unha adecuada comprensión e produción, tanto oral como escrita.

-PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO.

8.1-OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	Bloque 1. Comprensión de textos orais.			
	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.). – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipótesis sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificadores, expresivos, apelativos e fácticos. 	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración). ▪ B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvoltos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos. ▪ B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresadas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dadas cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 			

		<p>implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de cando estean dentro do propio carácter técnico 		
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais.			
		<p>campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/ profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, esen condicións externas que dificulten a comprensión. 	<p>principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidadesobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCA ▪ CSC ▪ CCEC
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
	Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidadeas estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexiasde compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, edundancia informativa, elementos de cohesión, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

	<p>– Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente</p>	<p>o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.</p> <p>▪ B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e oscontras das</p>	<p>▪ PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>asimilados e memorizados.</p> <p>— Execución:</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>– Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolle o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>– Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p>	<p>opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>▪ B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).</p> <p>▪ B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaráción de palabras, algún novo exemplo, unha</p>	<p>▪ PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción creencias, acordos e desacordos, e explica e xustifícase maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.</p> <p>▪ PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p> <p>▪ PLEB2.5. Participa na interacción verificando a</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

	<ul style="list-style-type: none"> – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos: – Lingüísticos: – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión. – Producción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios. – Paralingüísticos. – Petición de axuda ou clarificación. – Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. – Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica). – Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais. – Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser 	<p>alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal. ▪ B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiriran expor de maneira distinta o que se quere dicir. ▪ B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, espectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en 	<p>comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>cointerpretadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación en contextos informais e formais máis habituais. 	<p>situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).</p>		
	<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</p>			

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual: proveniencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto. ▪ B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro. ▪ B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquejos e outros. ▪ B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). ▪ PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese. ▪ PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos). ▪ PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
	<p>PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO</p>			
<p>Obxectivos</p>	<p>Contidos</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Competencias clave</p>

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar. ▪ B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos. ▪ PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes nos textos. ▪ PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
	Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.) – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Elaboración dun borrador. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias. ▪ B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estadía no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. ▪ PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Discriminación das propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. – Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolles o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). – Revisión: – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Verificación da progresión e da coherencia. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Reescritura definitiva. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.). 	<p>Reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descrições claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue. ▪ B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal. ▪ B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. ▪ B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado). ▪ PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo). ▪ PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado. ▪ PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía. ▪ PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe. ▪ PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: <ul style="list-style-type: none"> – Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). – Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). – Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). – Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos da redución fonética. ▪ B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Convencións sociais. – Recoñecemento das normas e as variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar e reproducir padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, eseleccionalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor. ▪ B5.2. Axustarse con consistencia aos padróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico. ▪ B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de padróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

	<p>básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e a cultura portada pola lingua obxecto de estudo.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>▪ B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>– Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes coñecementos e</p>	<p>recapitulación).</p> <p>▪ B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.</p> <p>▪ B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como</p>	<p>▪ PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
	<p>PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO</p>			
<p>Obxectivos</p>	<p>Contidos</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Competencias clave</p>
	<p>estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.</p> <p>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>▪ B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>– Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p>	<p>un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>▪ B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se</p>	<p>▪ PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual</p> <p>▪ PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.</p> <p>▪ PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL

	<ul style="list-style-type: none"> – Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. – Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. – Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. ▪ B5.6. Léxico: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, 	<p>utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta. ▪ B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais. ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<p>dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
PRIIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II: 2º BACHARELATO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave

	<p>educativo e ocupacional, relativo á descrição de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>– Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).</p> <p>– Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Estructuras sintácticodiscursivas propias de cada idioma. 		
--	--	--	--

Contidos sintáctico-discursivos:

♣ Expresión de relación lóxicas: conxunción (neither... nor); disxunción (either... or); oposición/ concesión (only (it didn't work); despite/in spite of + NP/VP/sentence); causa because (of); due to; as; since); finalidade (*so as to*); comparación (*as/not so Adj. as; far less tiresome/ much more convenient(than); the best by far*); resultado/ correlación (such...that); condición (*if; unless; in case; supposing*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions, promises, commands, wishes, warnings*). ♣ Relacións temporais (*(just) as; while; once (we have finished)*). ♣ Afirmación (*emphatic affirmativesentences / the dummy do, e. g. I do love classic music; tags, e. g. I should have*). ♣ Exclamación (*What + noun + sentence*), e. g. *What a nuisance (he is)!*; *How + Adv. + Adj.*, e. g. *How very extraordinary!*; *exclamatory sentences and phrases, e. g. Gosh, it is freezing!*). ♣ Negación (e. g. *Nope; Never ever; You needn't have*). ♣ Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; Says who? Why on earth did she say that?; tags*). ♣ Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect simple and continuous; past perfect simple and continuous*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*present simple and continuous + Adv.; will be + verb+ ing; will + perfect tense (simple and continuous)*). ♣ Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future*

continuous); habitual (*simple tenses (+ Adv.); used to; would*); incoativo (*start/begin by +verb+ing*);terminativo (*cease+verb+ing*). ♣ Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*it takes/holds/serves...*); posibilidade/probabilidade (*will; likely; should; ought to*); necesidade (*want; take*);obriga (*need/needn't*); permiso (*may; could; allow*) intención (*be thinking of +verb+ing*). ♣ Expresión da existencia (*e.g. there must have been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/ emphatic, one(s); determiners*); a cualidade (*e.g. bluish; nice to look at*). ♣ Expresión da cantidade: *Number (e. g. some twenty people; thirty something)*. *Quantity: e. g. twice as many; piles of newspapers;mountains of things*. *Degree: e. g. extremely; so (suddenly)*. ♣ Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance,motion, direction, origin and arrangement*). ♣ Expresión do tempo (*points (e. g. back then; within a month; whenever), divisions (e. g. fortnight), and indications (e. g. earlier/ later today/in the year) of time; duration (e. g.through(out) the winter; over Christmas); anteriority (already; (not) yet; long/shortly before); posteriority (e. g. later (on); long/shortly after); sequence (to begin with, besides, to conclude); simultaneousness (just then/as); frequency (e. g. rarely; on a weekly basis)*). ♣ Expresión do modo (*Adv.and phrases of manner, e.g. thoroughly; inside out; upside down, in a mess*). ♣ Uso de conectores. ♣ *Have/get causative*. ♣ *Phrasal verbs*. ♣ *Gerund and infinitive*.

8.2-TEMPORALIZACIÓN.

Os diferentes estándares de aprendizaxe así como as competencias clave asociadas trabállanse en todas as unidades ao longo do todo o curso. O que varía e o nivel de dificultade dos contidos e das tarefas a realizar segundo avanza o curso. Os estándares de aprendizaxe están relacionados cos distintos bloques de contidos e estes en moitos casos relacionados entre si, especialmente o bloque 5 (patróns sonoros, acentuais, rítmicos, patróns gráficos e convencións ortográficas, aspectos socioculturais e sociolingüísticos, plurilingüismo, función comunicativas). Así mesmo o están cos contidos sintáctico-discursivos, imprescindibles para a adquisición deses estándares.

-1º Trimestre : Introducción e unidades 1,2,

-2º Trimestre: Unidades 3,4,

-3º Trimestre: Unidades 5,6.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

Escoitar e comprender audios sobre diferentes temas do libro de texto ou propostos polo profesor. Así mesmo escoitarase o vocabulario tratado na unidade correspondente , os textos de “reading” e os exercicios de pronuncia.

Os audios versarán, entre outros, sobre diferentes temas:

Unidade de Introdución: Comprender a información clave dunha conversación entre dous estudantes sobre as vacacións de verán.

Unidade 1: Comprender a información clave dun diálogo entre adolescentes sobre as súas familias, dun monólogo curto sobre aprender utilizando a tecnoloxía e dunha conversación para pedir información sobre os cursos dunha academia online.

Unidade 2: Comprender a información clave dunha conversación sobre o tipo de país idóneo para vivir, dunha presentación dun estudante sobre unha nena que loitou pola súa educación nun país no que as mulleres teñen problemas para formarse e dunha conversación sobre como recadar diñeiro para un centro de xente sen fogar.

Unidade 3: Comprender a información clave dunha conversación sobre que lugares amosar a alguén que vai de visita a Río de Janeiro, dunha conversación sobre viaxar a Guatemala e dun monólogo no que se comparan dúas fotografías.

Unidade 4: Comprender a información clave dunha conversación sobre problemas ambientais e as

súas solucións, dunha entrevista sobre edificios ecolóxicos e dunha conversación para chegar a un

acordo sobre que plans se levarán a cabo nun evento sobre concienciación ambiental.

Unidade 5: Comprender a información clave dun diálogo para contestar a un cuestionario, dunha clase sobre bacterias e dunha conversación para falar dunha fotografía.

Unidade 6: Comprender a información clave dunha conversación sobre tipos de traballo, dunha conversación sobre a aprendizaxe de habilidades novas a través de Internet e dunha entrevista de traballo.

Bloque 2: Producción de textos orais.

Contestar a preguntas, completar información etc. para demostrar a comprensión dos audios. Interacción oral cós compañeiros e co profesor sobre distintos temas traballados nas unidades ou propostos polo profesor.

Unidade de Introducción: Facer e responder preguntas de modo oral sobre as vacacións de verán.

Unidade 1: Facer e responder preguntas de modo oral sobre a familia e para pedir información sobre un curso.

Unidade 2: Falar de problemas sociais e expresar opinións.

Unidade 3: Facer plans e comparar fotografías.

Unidade 4: Falar sobre problemas ambientais e chegar a acordos.

Unidade 5: Falar sobre animais e falar dunha fotografía.

Unidade 6: Falar sobre traballos e facer unha entrevista de traballo.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

Ler de forma comprensiva e autónoma diferentes tipos de textos. Realización de varios tipos de exercicios para demostrar a comprensión dos textos: contestar preguntas, completar información, verdadeiro / falso, búsqueda do significado de certas palabras de vocabulario. Traballarase tamén textos tipo selectividade.

Os textos versan, entre outros, sobre as seguintes temáticas:

Unidade de Introducción: Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre un centro educativo especial.

Unidade 1: Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre a educación esixente dalgúns países.

Unidade 2: Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre a implicación das persoas á hora de decidir axudar ou non a alguén nunha situación complicada.

Unidade 3: Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre como, grazas a Google Earth, un mozo da India se reencontrou coa súa familia anos despois de perderse e acabar en Australia.

Unidade 4: Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre a carne que comemos e o pouco ecolóxica que é a industria que a produce.

Unidade 5: Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre formas de engano na natureza.

Unidade 6: Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o negocio da chatarra.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

Con carácter xeral realización de varios exercicios escritos para demostrar a comprensión dos textos. De ser o caso, entrega ao profesor de redaccións sobre temas propostos ou do libro de texto. Ademais os alumnos/as realizarán as seguintes tarefas, empregando as expresións e vocabulario traballado:

Unidade 1: Redactar un texto argumentativo, prestando especial atención ás conxuncións copulativas e adversativas.

Unidade 2: Redactar un texto de opinión, prestando especial atención ás conxuncións causais e consecutivas, e á estrutura das oracións.

Unidade 3: Redactar un texto narrativo, prestando especial atención aos conectores de secuencia, ás expresións temporais .

Unidade 4: Redactar un resumo, prestando especial atención á paráfrase.

Unidade 5: Redactar unha biografía, prestando especial atención aos conectores de finalidade e ás citas.

Unidade 6: Redactar un correo electrónico formal.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

Os contidos deste bloque traballanse de xeito xeral en todas as unidades. En canto aos contidos de léxico oral ou escrito e patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación temporalizáanse, entre outros, da seguinte maneira:

Unidade de Introducción: repaso de vocabulario, phrasal verbs, sufixos e prefixos.

Unidade 1: vocabulario relacionado co crecemento e a educación, así como palabras formadas con sufixos, os usos de *free* e diferenzas entre o vocabulario en inglés británico e en inglés americano.

Pronunciar correctamente os sons similares aos contidos en **allow**, **role** e **spoil** e as letras mudas.
Afianzar estratexias para a realización de exames.

Unidade 2: vocabulario relacionado con asuntos sociais e a resolución de problemas sociais, así como as *verb collocations*, expresións comúns cos pronomes indefinidos e os nomes compostos.

Pronunciar correctamente os sons similares aos contidos en **behave** e **fair** e practicar o ritmo á hora de falar.

Afianzar estratexias para a realización de exames.

Unidade 3: vocabulario relacionado coas viaxes e os preparativos para as mesmas, *noun collocations*, diferenzas entre **wander** e **wonder**, frases idiomáticas e expresións feitas con dous substantivos.

Pronunciar correctamente as formas contraídas dos modais en negativa e os sons contidos en palabras como **winter** / **show** e **you** / **city**.

Afianzar estratexias para a realización de exames.

Unidade 4: vocabulario relacionado co ambiente e os problemas ambientais. Prefixos, os usos de **about** e os *linking verbs* con adxectivos.

Pronunciar correctamente os sons contidos en palabras como **urban** e **features**. e os contidos en palabras como **architecture**, **brochure** e **choice**.

Afianzar estratexias para a realización de exames.

Unidade 5: vocabulario relacionado cos animais e a relación do home cos animais. Adxectivos seguidos de preposición, expresións con **go** e familias de palabras.

Pronunciar correctamente a terminación **-ed** dos verbos, e os sons incluídos en palabras como **seen** e **ring**.

Afianzar estratexias para a realización de exames.

Unidade 6: vocabulario relacionado co traballo e as calidades das persoas a nivel laboral. *Phrasal*

verbs, os sufixos **-er** e **-ee**, o uso de **just** e *collocations* con **work**.

Pronunciar correctamente o acento dos *phrasal verbs*.

Afianzar estratexias para a realización de exames.

Contidos sintáctico-discursivos:

Unidade de Introducción: Repaso do *Present Simple*, o *Present Continuous*, o *Past Simple*, o *Past Continuous*, o *Present Perfect Simple*, o *Past Perfect Simple*, o *Future Simple (will)*, **be going to**, o *Future Continuous* e o *Future Perfect Simple*. *Xerundio e infinitivo*.

Unidade 1: *Present Perfect Simple*, o *Present Perfect Continuous*, o *Past Perfect Simple* e o *Past Perfect Continuous*. Conxuncións copulativas e adversativas.

Unidade 2: o estilo indirecto. Conxuncións causais e consecutivas, e á estrutura das oracións

Unidade 3: os verbos modais e os modais perfectos. Os conectores de secuencia, ás expresións temporais .

Unidade 4: o condicional e as oracións desiderativas.

Unidade 5: a pasiva e o causativo. Conectores de finalidade.

Unidade 6: oracións de relativo especificativas e explicativas, así como as súas estruturas formal e informal.

8.3-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

Grao mínimo de consecución para os estándares de cada un dos bloques.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

O alumno terá que ser capaz de nunha linguaxe estándar, a velocidade normal e con certas interferencias, poidendo preguntar e /ou pedir aclaracións ou repeticións: comprender instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal; identificar as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da

lingua; comprender, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras; comprender, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade; comprender a liña argumental, as ideas principais, os detalles

relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos; comprender o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante.

Bloque 2: Producción de textos orais.

O alumno deberá ser capaz de diferenciar adecuadamente a produción do texto oral espontáneo do planificado, e considerar as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.); facer presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade cunha estrutura clara, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal; participar con soltura en conversas informais nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos; tomar parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; tomar parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións, participar na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos; realizar unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

O alumno terá que acadar a capacidade de: entender detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese, educativo ou profesional ;

comprender os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade; entender, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos; comprender a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos; comprender os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

O alumno terá que acadar a capacidade de: escribe informes en formato convencional e de estrutura clara, desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.; describir un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada; completar un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral; escribir, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación; tomar notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, e o discurso estea ben estruturado; escribir notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía; escribir correspondencia persoal, en calquera soporte; escribir, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural.

O alumno terá que acadar a capacidade de: comprender e facerse comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor; relacionarse oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre diferentes temas solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación; entender os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos, sempre que poida pedir confirmación; desenvolverse con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan; expresarse oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo; comprender textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta; explicar valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural; participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorar as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Contidos sintáctico-discursivos:

Os impartidos en cursos anteriores e os traballados nas diferentes unidades que lle permiten o alumno unha adecuada comprensión e produción, tanto oral como escrita.

9-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN ESO E BACHARELATO.

Para poder avaliar os estándares de aprendizaxe en cada curso, empregaránse os seguintes procedementos e instrumentos:

Procedementos de avaliación:

-Avaliación inicial: Para seguir o progreso dos alumnos é necesario saber o nivel do que parten. Para isto realizárase, se é necesario, unha avaliación inicial adaptada a cada nivel, que pode ser

unha proba escrita, oral o ambas, na que o profesor pode facerse unha idea dos estándares de aprendizaxe dos que parten os alumnos.

- Observación sistemática do traballo e da participación do alumno na clase. Prestando atención e traballando a participación activa na clase, o interese pola mellora na competencia comunicativa tanto receptiva como productiva, oral e escrita, colaboración cos compañeiros para levar a cabo a aprendizaxe de xeito cooperativo, resolución das cuestións que se plantexan nas diversas actividades xa sea de maneira oral ou escrita, comprobación dos acertos ou erros e utilización dos mesmos para a mellora do propio proceso de aprendizaxe, presentación das producións escritas con puntualidade, precisión, claridade, corrección, orde e limpeza, elaboración do caderno de clase no que se recollerán as tarefas de cada unidade didáctica que se poden realizar tanto na clase como na casa, interese polo traballo e aplicación ó mesmo, valorando o aprecio do alumno pola correcta e precisa realización dos exercicios, así como a presentación dos traballos de maneira clara, ordeada e limpa, e amosando unha actitude respetuosa ante todos os membros da comunidade educativa.

-Tarefas específicas: ó longo de cada trimestre faránse diariamente diversas tarefas como traballo de clase ou de casa que conducirán a adquisición dos estándares de aprendizaxe requeridos e que serán semellantes ás que se lles pedirán nas probas de avaliación para a obtención das cualificacións en cada avaliación. Esas tarefas consistirán en: práctica na comprensión oral por medio de diferentes tipos de audición empregando CDs, videos, DVDs sobre diferentes temas, escoita do profesor e os seus compañeiros; para a produción oral a través de tarefas nas que teñan que expresarse individualmente, por parellas ou grupos, interactuar cos compañeiros ou co profesor ou presentar algún tema preparado por eles; práctica de comprensión escrita para o que se traballarán textos de diferentes características e formatos con tarefas de comprensión que poden ser preguntas para responder, busca de sinónimos ou palabras que respondan a unha definición dada, resumo das ideas principais etc. ; en 2º / 3º e en 4º ESO proporanse un ou varios libros de lectura adaptados a cada nivel dos que se fará unha proba cada trimestre con preguntas de comprensión, vocabulario; para a produción escrita se traballarán e se lles pedirá a achega de diferentes producións en relación os temas tratados e adecuados o nivel correspondente: resumos, e-mails, cartas, narracións, descripcións etc. Tarefas e exercicios de gramática e vocabulario: encher hocos, completar frases, reescribir frases, tradución de frases ou de vobulario.

-Revisión e análise das actividades realizadas recollidas no caderno de clase, libro de exercicios e exercicios específicos.

Instrumentos de avaliación:

1. Ficha de rexistro persoalizada de cada alumno onde se anotan os resultados apreciados a partir da observación, análise de tarefas, intervencións na clase, corrección dos exercicios tanto do caderno como do libro de exercicios, faltas de asistencia, faltas de orde, etc.
2. Produccións escritas.
3. Produccións orais.
4. Probas escritas e / ou orais.

10-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A metodoloxía a empregar ten en conta as condicións socioculturais e as características do alumnado, a dispoñibilidade de recursos e o feito de tratarse dunha lingua estranxeira que conleva unha especial dificultade para os alumnos.

Procurarase o desenvolvemento competencial do alumnado coa realización de diferentes tipos de tarefas que o alumnado ten que resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, atendendo o mesmo tempo á diversidade respecto aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Procurarase espertar a motivación cara ó aprendizaxe do alumnado intentando que o alumno sexa máis activo, autónomo, crítico e consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe, especialmente no caso do alumnado de bacharelato. Para elo empregaránse diferentes tipos de tarefas, recursos, materiais e soportes, prestado atención a integración das tecnoloxías da información, o traballo en grupo e/ ou a realización de proxectos, a resolución conxunta de tarefas, a participación activa do alumnado, ase como a coordinación con outros profesores. As actividades de aprendizaxe empregadas teñen un carácter integrador de tal maneira que permiten ao alumnado a traballar e adquirir máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Procurarase, que ademáis das destrezas puramente lingüísticas o de comunicación, o alumnado coñeza ou amplie aspectos sobre temas socioculturais e interdisciplinares. O feito de que estes temas estén integrados nas propias unidades a traballar facilita ao alumno unha concepción integradora das competencias e das materias.

No caso de que houbese alumnado con necesidades educativas especiais, fariáanse as adaptacións metodolóxicas necesarias adaptadas a súa discapacidade.

11-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN, E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

11.1-ESO.

Na educación secundaria obrigatoria a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado é de carácter continuo, formativo e integrador.

O longo do curso faranse tres avaliacións e unha avaliación extraordinaria en setembro para aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria de xuño. Ao ter a avaliación un carácter continuado, a superación dunha avaliación implica a recuperación da anterior ou anteriores polo que non haberá probas de recuperación. A **nota de cada avaliación** será a **suma** da nota acadada en cada parte avaliada (poderase establecer mínimos a acadar en algunha proba, parte da proba e/ou exercicio a avaliar). Poderase facer máis dunha proba de cada parte, de ser así, calcularase a nota

media entre elas e o resultado obtido sumarase ós resultados das demais partes, sempre que se superen uns mínimos establecidos por probas, apartados e/ou exercicios. Para a cualificación final de cada trimestre terase en conta o comportamento do alumno, a súa actitude cara á materia, interese polo traballo, participación activa na clase, traer o material necesario para o desenvolvemento das actividades e ter as faltas de asistencia xustificadas segundo o baremo que figura nas seguintes tablas. A **nota final da avaliación ordinaria** obterase calculando a **media ponderada** das tres avaliacións, tendo en conta que para que o alumno/a sexa cualificado positivamente deberá ter superados os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe da terceira avaliación. O alumno / a deberá obter un mínimo de 5 en cada unha das avaliacións para ser cualificado positivamente. A **nota final da avaliación extraordinaria** será a **suma** das diferentes probas avaliadas, podendo establecerse mínimos en algunha proba, parte e/ ou exercicio a avaliar. Na convocatoria extraordinaria non se realizarán probas de listening nin de speaking.

As probas que se farán por avaliación serán dos seguintes tipos:

- **Grammar:** exercicios específicos dos contidos traballados na avaliación e, se é o caso, das anteriores.
- **Vocabulary:** vocabulario previamente fixado e / ou traballado relativo ás distintas unidades estudadas; tradución directa ou inversa de palabras de vocabulario, completar hocos, dada unha definición escribir a palabra requerida, completar listas de palabras sobre un aspecto solicitado etc.
- En 2º ESO se avaliarán os **verbos irregulares** nun apartado diferenciado.
- **Listening:** exercicios de comprensión oral dun texto (respostar a preguntas , elección da resposta axeitada, elixir verdadeiro ou falso,...). Valorarase especialmente a comprensión, aínda que a sintaxe, a ortografía ou a expresión non sexan de todo correctas.
- **Reading Comprehension:** valorarase especialmente a comprensión dun texto/s (repostar preguntas de xeito completo, elixir verdadeiro ou falso, buscar sinónimos / antónimos no texto, dadas unas definicións encontrar a palabra adecuada, elección da resposta adecuada etc). A corrección na sintaxe, na ortografía ou na expresión serán valorados progresivamente nos diferentes cursos da ESO.
- **Libro de lectura:** en 2ª, 3º e 4º de ESO o alumno examinarase da comprensión dun libro de lectura elixido polo profesor (preguntas de comprensión, elixir verdadeiro ou falso, preguntas de vocabulario, elección da resposta axeitada , relacionar situacións ou caracteres cos persoaxes do libro etc). O libro poderase avaliar por capítulos repartidos nas tres avaliacións. Os alumnos que obtiveran unha cualificación positiva en todas as probas do libro de lectura, non terán que examinarse desa parte na convocatoria de setembro. En 2º de ESO o libro de lectura non será avaliado na convocatoria de setembro, sendo substituído por un exercicio de Reading Comprehension.
- **Speaking:** en 3º e 4º ESO poderán realizarse dramatizacións de diálogos, conversas sobre temas apoiados en vocabulario xa estudado, temas tratados na clase ou suxeridos polo profesor, lecturas, etc.
- **Writing:** en 1º ESO proba específica na 3ª avaliación e na convocatoria de extraordinaria de setembro. En 2º, 3º e 4º ESO: proba específica de produción escrita en todas as avaliacións, sobre temas tratados na clase ou propostos polo profesor. Para a práctica deste apartado

ademáis das produción escritas traballadas no libro se requerirá ao longo de cada trimestre traballos escritos que serán recollidos e corrixidos polo profesor, e que serán de entrega obrigatoria en prazo e forma.

PROBAS	<u>1º ESO</u> PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN			
	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
Gramática	60%	60%	60%	60%
Vocabulario	40%	30%	30%	20%
List / RC / Wr	-	10%	10%	-
RC / Wr	-	-	-	20%
	100%	100%	100%	100%

NOTA: List = listening ; RC = Reading Comprehension; Wr = writing.

Para a cualificación final de cada trimestre incidirán aspectos relativos á actitude e comportamento do alumno computando 0.10 a cada un destes puntos (sumando ata un máximo de 0.5 por avaliación ou restando ata un máximo de 1 punto por avaliación) ao valorar : -a realización e presentación das tarefas e traballos propostos, o acudir as clases co material necesario e a participación nas actividades que se propoñan.

Nota de cada avaliación: suma da nota de cada proba avaliada. (Con nota igual ou inferior a 2 sobre 10, nas probas de gramática e vocabulario a asignatura estará suspensa).

Avaliación ordinaria: media ponderada das 3 avaliacións, sempre que o alumno acade un mínimo de 5 na 3ª avaliación.

Avaliación extraordinaria: suma da nota de cada proba avaliada. (Con nota igual ou inferior a 3 sobre 10, nas probas de gramática e vocabulario a asignatura estará suspensa).

En cada avaliación poderanse realizar unha ou máis probas das diferentes destrezas comunicativas.

PROBAS	<u>2º ESO</u> PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN			
	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
Gramática / Reading C. / Writing	60%	50%	50%	70%
Irregular Verbs	15%	15%	15%	20%
Libro lectura	---	10%	10%	-
Vocabulary	15%	15%	15%	10%

Listening	10%	10%	10%	-
	100%	100%	100%	100%

NOTA: Reading C = Reading Comprehension.

Para a cualificación final de cada trimestre incidirán aspectos relativos á actitude e comportamento do alumno computando 0.10 a cada un destes puntos (sumando ata un máximo de 0'5 por avaliación ou restando ata un máximo de 1 punto por avaliación) ao valorar : -a realización e presentación das tarefas e traballos propostos, o acudir as clases co material necesario e a participación nas actividades que se propoñan.

Nota de cada avaliación: suma da nota de cada proba avaliada. (Con nota igual ou inferior a 2 – sobre 10- na proba de gramática / Reading C. / Writing e na proba de vocabulario a asignatura estará suspensa).

Avaliación ordinaria: media ponderada das 3 avaliacións, sempre que o alumno acade un mínimo de 5 na 3ª avaliación.

Avaliación extraordinaria: suma da nota de cada proba avaliada. (Con nota igual ou inferior a 3 sobre 10 na proba de gramática / Reading C. / Writing e na proba de vocabulario a asignatura estará suspensa).

En cada avaliación poderanse realizar unha ou máis probas das diferentes destrezas comunicativas.

A avaliación da materia de Libre Configuración de centro: Afondamento e/ou reforzo en inglés en 1º e 2º ESO estará integrada na materia de inglés dos repectivos cursos.

PROBAS	3º E 4º ESO PORCENTAXE CUALIFICACIÓN	
	1º,2º, 3º AVALIACIÓN S	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
Vocabulario/ Gramática	45%	45%
Reading Comprehension/ Writing	25%	45%
Libro de lectura	10%	10%
Listening	10%	---
Speaking	10%	---

	100%	100%

Os alumnos que teñan superadas as probas do libro de lectura durante o curso cunha nota de 5 ou superior, non terán que realizar esta parte na convocatoria extraordinaria de setembro, mantendo a nota media obtida en xuño.

Na convocatoria extraordinaria non se avaliará o listening nin o speaking.

Cunha nota igual ou inferior a 3 sobre 10 nalgunha das partes, a asignatura estará suspensa..

Cada alumno deberá facer as tarefas encomendadas para a casa de xeito obrigatorio e entregar aquelas que se lle soliciten no seu debido tempo. Cada exercicio non presentado ou presentado fóra de prazo restará puntos da nota final da avaliación. Así mesmo, terase en conta o comportamento do alumno, a súa atitude cara á materia, interese polo traballo, participación activa na clase, esforzo por expresarse en inglés, traer o material necesario, e ter as faltas de asistencia xustificadas.

Baremarase da seguinte maneira:

- 2 faltas de orde: restará 0,5 puntos na nota final da avaliación (0,25 cada unha).
- por cada unha das tarefas entregada fóra do prazo establecido ou non entregada: restará 0,5 da nota global da avaliación.
- Non facer reiteradamente as tarefas diarias encomendadas: restará ata 0,5 da nota global da avaliación.
- 4 faltas de asistencia sen xustificar restará 0,5 puntos (0,12 cada unha) da nota final da avaliación.

A **nota final da avaliación ordinaria** obterase calculando a **media ponderada** das tres avaliacións, tendo en conta que para que o alumno/a sexa cualificado positivamente deberá ter superados os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe da terceira avaliación. A **nota final da avaliación extraordinaria** será a resultante da suma das partes correspondentes.

O alumno terá promoción de curso no caso de superar todas as materias cursadas ou ter avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. Excepcionalmente o alumno poderá promocionar con avaliación negativa en tres materias, segundo unha serie de condicións.

11.2-BACHARELATO

No Bacharelato a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado é de carácter continuo, e formativo. O longo do curso faranse tres avaliacións e unha avaliación extraordinaria en xuño e setembro para o alumnado de 2º e 1º respectivamente que non supere a materia na avaliación ordinaria. Ao ter a avaliación un carácter continuado, a superación dunha avaliación implica a recuperación da anterior ou anteriores polo que non haberá probas de recuperación.

PROBAS	1º BACHARELATO PORCENTAXE CUALIFICACIÓN	
	1º, 2º, 3º AVALIACIÓNS	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
Vocabulario/ Gramática	40%	50%
Reading Comprehension/ Writing	40%	50%
Listening	10%	---
Speaking	10%	---
	100%	100%

A **nota final de cada avaliación** será a resultante da suma de cada parte, tendo o alumno/a que acadar un mínimo de 3 sobre 10 en cada parte para facer a media. O alumno / a deberá obter un mínimo de 5 para ser cualificado positivamente. A **nota final da avaliación ordinaria** obtense calculando a **media ponderada** das tres avaliacións, tendo en conta que para que o alumno/a sexa cualificado positivamente deberá ter superados os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe da terceira avaliación. A **nota final da avaliación extraordinaria** será a **resultante da suma** dos porcentaxes de cada parte, tendo o alumno/a que acadar un mínimo de 3 sobre 10 en cada parte para facer a media. O alumno / a deberá obter un mínimo de 5 para ser cualificado positivamente. Na convocatoria extraordinaria non se realizarán probas de listening nin de speaking.

O profesor solicitará a cada alumno cada trimestre un número de exercicios de produción escrita que serán de entrega obrigatoria en prazo e forma. Os alumnos serán advertidos de que cada exercicio deste tipo non presentado ou presentado fóra de prazo restará puntos da nota final da avaliación. Así mesmo, terase en conta o comportamento do alumno, a súa actitude cara á materia, interese polo traballo, participación activa na clase, esforzo por expresarse en inglés, traer o material necesario, e ter as faltas de asistencia xustificadas. Baremarase da seguinte maneira:

- 2 faltas de orde: restará 0,5 puntos na nota final da avaliación (0,25 cada unha).
- por cada unha das tarefas entregada fora do prazo establecido ou non entregada: restará 0,5 da nota global da avaliación.
- Non facer reiteradamente as tarefas diarias encomendadas: restará ata 0,5 da nota global da avaliación.
- 4 faltas de asistencia sen xustificar restará 0,5 puntos (0,12 cada unha) da nota final da avaliación.

A avaliación da materia de Libre Configuración de centro: **Afondamento e/ou reforzo en inglés** en 1º e 2º Bacharelato estará integrada na materia de inglés dos repectivos cursos.

As probas en **2º de Bacharelato** estrutúranse en dúas partes. O profesor poderá establecer en cada parte ou exercicio da proba un mínimo a superar. Farase, como mínimo unha proba de cada parte por trimestre, no caso de que se fixeran máis dunha ,calcularase a nota media entre elas e, ó mesmo tempo, este resultado faría media coas demais partes.

A **nota final de cada avaliación** será a **media aritmética** da nota resultante da suma da parte 1ª e a 2ª, tendo o alumno/a que acadar un mínimo de 3 sobre 10 en cada parte para facer a media. O alumno / a deberá obter un mínimo de 5 para ser cualificado positivamente. A **nota final da avaliación ordinaria** obterase calculando a **media ponderada** das tres avaliacións, tendo en conta que para que o alumno/a sexa cualificado positivamente deberá ter superados os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe da terceira avaliación. A **nota final da avaliación extraordinaria** será a **media aritmética** da nota resultante da suma da parte 1 e 2, tendo o alumno/a ten que acadar un mínimo de 3 sobre 10 en cada parte para facer a media. O alumno / a deberá obter un mínimo de 5 para ser cualificado positivamente. Na convocatoria extrordinaria non se realizarán probas de listening nin de speaking.

O profesor solicitará a cada alumno cada trimestre un número de exercicios de produción escrita que serán de entrega obrigatoria en prazo e forma. Os alumnos serán advertidos de que cada exercicio deste tipo non presentado ou presentado fóra de prazo restará puntos da nota final da avaliación. Así mesmo, terase en conta o comportamento do alumno, a súa atitude cara á materia, interese polo traballo, participación activa na clase, esforzo por expresarse en inglés, traer o material necesario, e ter as faltas de asistencia xustificadas. Baremarase da seguinte maneira:

- 2 faltas de orde: restará 0,5 puntos na nota final da avaliación (0,25 cada unha).
- por cada unha das tarefas entregada fora do prazo establecido ou non entregada: restará 0,5 da nota global da avaliación.
- Non facer reiteradamente as tarefas diarias encomendadas: restará ata 0,5 da nota global da avaliación.
- 4 faltas de asistencia sen xustificar restará 0,5 puntos (0,12 cada unha) da nota final da avaliación.

2º DE BACHARELATO

As probas que se farán por avaliación serán dos seguintes tipos:

1ª PARTE:

- **Grammar:** exercicios específicos da avaliación e, se é o caso, das anteriores.
- **Vocabulary:** vocabulario en relación ás distintas unidades estudadas, aportado polo profesor e dos textos traballados na clase: traducción directa ou inversa de palabras de vocabulario, completar hocos, dada unha definición escribir a palabra requerida, completar listas de palabras sobre un aspecto solicitado etc.
- **Speaking:** Conversas ou exposición sobre temas, apoiados en vocabulario xa estudado, temas tratados na clase ou suxeridos polo profesor, lecturas, etc.

2ª PARTE:

-**Listening:** exercicios de comprensión oral dun texto (respostas escritas abertas, completar frases e e / ou tipo “test”.

-Reading Comprehension / Writing:

- Reading Comprehension: valorarase especialmente a comprensión dun texto/s (repostar preguntas, elixir verdadeiro ou falso, resumir o texto, buscar sinónimos / antónimos no texto, dadas unas definicións encontrar a palabra axeitada, elección da resposta adecuada, transformación gramatical de frases, fonética/ pronunciación etc). A comprensión do texto, a corrección na sintaxe, na ortografía, na expresión e a presentación terán especial relevancia á hora da calificación deste apartado.

-Writing: A partir dun ou dos temas o alumno ten que realizar unha produción escrita sobre o mesmo. Valorarase: as ideas propias, a organización do escrito e das ideas expresadas, a coherencia, a utilización de nexos, unha sintaxe, ortografía e expresión adecuada ao nivel así como a

presentación.

Na proba extraordinaria de **xuño** avaliaráanse os mesmos contidos e apartados excepto o listening e o speaking.

PROBAS	2º DE BACHARELATO PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN	
	1ª, 2ª, 3ª AVALIACIÓNS	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
1ª PARTE	100%	100%
Vocabulario	30%	35%
Gramática	60%	65%
Speaking	10%	-
2ª PARTE	100%	100%
Listening	15%	-
Reading comprehension:	55%	70%
Writing:	30%	30%
<p>Nota de cada avaliación: media aritmética da nota resultante da parte 1 e 2. (Con unha nota inferior a 2 nunha das partes a asignatura estará suspensa). O alumno / a deberá obter un mínimo de 5 para ser cualificado positivamente.</p> <p>Avaliación ordinaria: media ponderada das 3 avaliacións, sempre que o alumno acade un mínimo de 5 na 3ª avaliación.</p> <p>Avaliación extraordinaria: media aritmética da nota resultante da parte 1 e 2. (Con unha nota inferior a 2 nunha das partes a asignatura estará suspensa). O alumno / a deberá obter un mínimo de 5 para ser cualificado positivamente</p>		

A avaliación da materia de Libre Configuración de centro: **Afondamento e/ou reforzo en inglés** en 1º e 2º Bacharelato estará integrada na materia de inglés dos repectivos cursos.

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro.

Os alumnos e as alumnas superarán o 2º curso e obterán o título de Bacharelato cando teñan superadas todas as materias de 1º e 2º de Bacharelato.

12-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO DA PRÁCTICA DOCENTE.

DIMENSIÓN	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	1-Programa as actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe	SÍ	
	2-Planifica a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.	SÍ	
	3-A secuenciación de contidos garda relación cos criterios de avaliación.	SÍ	
	4-A secuenciación dos contidos leva claramente á consecución dos obxectivos establecidos.	SÍ	
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1-Plantexa situacións que introduzan a unidade.	SÍ	
	2.-Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais coa súa funcionalidade.	SÍ	
	3-Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.	SÍ	
	4-Estimula a participación activa dos estudantes na clase.	SÍ	
DESENVOLVEMENTO DA ENSEÑANZA	1-Cando introduce conceptos novos, os relaciona con os xa coñecidos.	SÍ	
	2-Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.	SÍ	
	3-Plantea actividades grupais e individuais.	SÍ	
	4- Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.	SÍ	
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA APRENDIZAXE	1-Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos alumnos.	SÍ	
	1-Detecta os coñecementos previos de cada unidade.	SÍ	
	3-Proporciona a información necesaria sobre a resolución de tarefas e cómo melloralas.	SÍ	
	2- Corrixe de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e da pautas para a mellora dos seus aprendizaxes.	SÍ	

13-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

-Libros de Texto, lectura, recursos:

1º ESO : “Real English 1” – Burlington Books.

Teacher’s guide , student’s book, workbook, teacher’s resource pack, CDs e CD-ROM para o alumno, videos, páxina web e pizarra dixital.

2º ESO: “Real English 2“ - Burlington Books

Teacher’s guide , student’s book, workbook, teacher’s resource pack, CDs e CD-ROM para o alumno, videos, páxina web e pizarra dixital.

3º ESO “ Real English 3 ”- Burlington Books

Teacher’s Guide / Guía didáctica, Student’s Book, Workbook, Teacher’s Resource Pack e Cds da clase, CD-ROM para o alumno, videos, páxina web.

4º ESO “ Real English 4”- Burlington Books

Teacher’s guide, student’s book, workbook, teacher’s resource pack, CDs e CD-ROM para o alumno, videos, páxina web.

1º BACHARELATO – “Trends 1” - Burlington Books

Teacher’s guide, student’s book, workbook, teacher’s resource pack, CDs e CD-ROM para o alumno, videos, páxina web.

2º BACHARELATO – “Trends 2” - Burlington Books

Teacher’s guide, student’s book, workbook, teacher’s resource pack, CDs e CD-ROM para o alumno, videos, páxina web.

-Libros de lectura:

2º ESO: “*A Stranger in the Past*”. By Julie Hart. Ed. Burlington (Activity Reader).

3º ESO: “*Martin Luther King*”. By Alan C. McLean. Ed. Oxford.

4º ESO:” *The Curious Case of Benjamin Button*”. By F. Scott Fitzgerald. Activity Reader. Ed. Burlington.

Recursos materiais / espaciais dispoñibles no centro: Vídeo, TV, Reproductores de CD, Cámara de vídeo, Ordenadores, Pizarra dixital en varios cursos, ordenadores, biblioteca, salón de actos.

Recursos que hai na aula para o desenvolvemento do proxecto ABALAR:

Físicos: Portátil do profesor, portátiles netbook para cada alumno, conexión WIFI para todos os ordenadores, carros de carga dos portátiles, proxector, pizarra dixital.

Aplicacións e Programas:

- Diversas plataformas para todas as materias.
- Conexión a Internet e polo tanto uso de Blogs, Wikis, Prensa,...
- Servidor de Centro: accesible desde as aulas Abalar e desde calquera ordenador do centro cun Repositorio de Contidos
- Software para o uso da Pizarra Dixital.

14-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

ESO

CONTIDOS ESPECÍFICOS PARA OS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE DE 1º ESO:

-Dar e pedir información (saúdar e despedirse, expresar gustos e preferencias a rutina diaria, expresar a hora, facer preguntas).

-Vocabulario relacionado con países e nacionalidades, membros da familia, profesións, cores e números, asignaturas escolares, hábitos diarios, días da semana, deporte, ocio, aspecto físico, ecoloxía, amixade, televisión, materiais e formas, a casa e o seu contido, as preposicións de lugar, celebracións e festas, ocupacións e vida de xente famosa, Precios, cantidades, comidas, recetas.

-Estructuras lingüísticas: Presente simple do verbo TO BE, adxectivos posesivos, o artigo indefinido, there is/are, uso das maiúsculas, plural de sustantivos regulares e irregulares, elementos de cohesión: when, next, and, but ... Preguntas con how many...?, have got. Expressar acordos, expresar posesión e capacidade; narrar, expresar lugar, O presente continuo, can/ can't; 's como forma posesiva, , o pasado simple (verbos regulares); datas, imperativos con always, never; fórmulas básicas con Can I...? e a súa resposta, expresar prohibición e obrigaion; O superlativo. Futuros plans e intencións (presente continuo).

-Describir o aspecto físico e aficións dunha persoa, dar e pedir información sobre as amizades e

ocio, expresar estado de ánimo, describir e narrar feitos en pasado; invitar e responder a invitacións., describir e comparar.

-Formas de cortesía: *I'm sorry, I'd love to...*; presentación e formas adecuadas de invitacións; notas de disculpa.

-Dar consellos, pedir permiso, prestar e pedir prestado.

CONTIDOS ESPECÍFICOS PARA OS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE 2º DE ESO:

-O presente simple. Expresar hábitos de ocio, gustos, preferencias e suxerencias. O presente continuo. Expresar precios e tallas; datas e horas. O comparativo e superlativo: *too* , *enough*. Marcadores do discurso: *a bit, really, I think*. Expresar e responder a suxerencias. O pasado simple. Narración en pasado. Elementos de cohesión: *one day, because, while...* O pasado simple e continuo. Expresar acordó e desacordo. O pretérito perfecto (forma). Uso de *just*.

-Fórmulas para expresar gustos: *I really like, I'm into...*

-Descripción de persoas e cualidades persoais. Describir tradicións.

-Vocabulario relacionado con actividades de ocio e tempo libre; as persoas, as súas cualidades e gustos. Vocabulario relacionado con tendas e compras.

CONTIDOS ESPECÍFICOS PARA OS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE DE 3º ESO:

-Presente simple (forma e uso), Adxectivos posesivos. O xenitivo saxón. Uso do artículo determinado e indeterminado. Formación do plural de sustantivos regulares e irregulares. *Have/ has got*. Preposicións de lugar e tempo. Contables e incontables: *some, any*. Pronomes persoais, o número e expresión da hora. O presente simple expresando frecuencia: adverbios de frecuencia. Presente simple vs presente continuo. A comparación. Forma e uso do pasado simple de verbos regulares e irregulares. Pasado simple vs pasado continuo. Forma e uso do pretérito perfecto. Os verbos modais: *can, should, must* para expresar habilidade, permiso, consello e obligación. Primeiro tipo de condicional: *if + will*. O futuro para expresar predicción, decisión espontánea e plans: *will vs going to*. *Pasiva en presente e pasado*. Posición do adxectivo. Presentarse, saúdar e despedirse.

-Redacción de cartas a un amigo, descripción de cualidades físicas e características persoais, narracións en presente e en pasado, opinións sobre un tema dado, nexos de unión (*when, while, first, then, next...*). Descripción de persoas, lugares e cousas: *There is/ are*.

-Vocabulario relacionado con países, nacionalidades e profesións, Vocabulario relacionado con membros da familia, partes da casa, comidas, sinónimos, antónimos, vocabulario traballado nas diferentes unidades.

BACHARELATO

CONTIDOS ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE DE 1º BACHARELATO:

-Vocabulario traballado nas diferentes unidades.

-Gramática: presente simple / continuo; Pasado simple / continuo / past perfect simple, present perfect simple; futuro simple / continuo; be going to; futuro perfecto simple; pronombres relativos; oraciones de relativo; modales / modales perfectos; 1º,2º,3º tipo de condicional; a pasiva; o causativo; estilo indirecto; oracións finais; conectores.

-Reading comprehension: un texto con diferentes tipos de exercicios a realizar: vocabulario; resumo, elixir verdadeiro ou falso, transformación gramatical de frases dadas, contestar adecuadamente a preguntas relacionadas co texto.

-Writing: dado un tema elaborar unha redacción sobre o mesmo.

- PROCEDIMIENTO PARA A CUALIFICACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

ESO.

Realizarase unha proba final en maio e outra convocatoria extraordinaria en setembro para os alumnos que non logren superar a materia na convocatoria ordinaria de maio. Todo alumno que supere a materia do curso no que se atopa, terá automaticamente superada a materia do curso ou cursos anteriores.

Os alumnos/as terán a oportunidade de recuperar a materia pendente realizando as tarefas propostas polo profesor que lle imparta a materia e coordinadas pola xefa de departamento e coa realización dun exame escrito. Cada alumno pendente recibirá da profesora que lle imparta clase ou da xefa de departamento material de reforzo e repaso da materia do curso ou cursos anteriores. O interese, a realización e a entrega destas tarefas por parte do alumnado será cualificado con un 10% da nota final da convocatoria de maio. O profesor indicará ao alumnado a data límite de entrega do traballo ou as partes do traballo de repaso. Se o alumno/a non cumpre con as datas fixadas non se lle

cualificará esa parte / s. Na convocatoria de maio e setembro non se avaliarán as destrezas de listening e *speaking* nin o libro de lectura obrigatorio.

Os alumnos/as de **2º ESO** coa materia pendente de **1º ESO** que consigan superar a primeira avaliación de 2º cunha nota igual ou superior a 5, terán automaticamente superada a materia de 1º ESO con un 5, xa que os contidos a avaliar serán repaso do curso anterior. Tamén se poderán presentar a proba de recuperación en maio se desexan subir nota.

O lugar e a hora de ditas probas facilitaráselle ós alumnos tanto individualmente como públicamente no taboeiro de anuncios do centro e da súa aula.

PROBAS	PENDENTES DE 1º e 2º ESO PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN	
	CONVOCATORIA ORDINARIA DE MAIO	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA SETEMBRO
Vocabulario e gramática	70%.	80%.
Reading Comprehension e Writing	20%.	20%.
Realización e entrega das tarefas requeridas	10%	-
	100%	100%
Convocatoria ordinaria / extraordinaria: Suma da nota das diferentes probas. O profesor poderá establecer mínimos en un ou varios dos exercicios dos que constan as diferentes probas. O alumno debe acadar un mínimo de 5 para superar a materia.		
PROBAS	PENDENTES DE 3º ESO	

	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN	
	CONVOCATORIA ORDINARIA DE MAIO	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA SETEMBRO
Vocabulario e gramática	50%.	60%.
Reading Comprehension e Writing	40%.	40%.
Realización e entrega das tarefas requeridas	10%	-
	100%	100%
<p>Convocatoria ordinaria / extraordinaria: Suma da nota das diferentes probas. O profesor poderá establecer mínimos en un ou varios dos exercicios dos que constan as diferentes probas. O alumno debe acadar un mínimo de 5 para superar a materia.</p>		

- BACHARELATO.

Realizarase unha proba final en maio e outra convocatoria extraordinaria en xuño , para os alumnos que non logren superar a materia na convocatoria ordinaria de maio. Todo alumno que supere a materia do curso no que se atopa , terá automaticamente superada a materia do curso ou cursos anteriores. En ámbalas dúas probas non se avaliarán as destrezas de *listening* e *speaking*.

Os contidos da materia en 2º de Bacharelato están organizados de tal maneira que para a convocatoria de pendentos de Maio xa estarán repasados e traballados os de 1º de bacharelato polo que non ses dará aos alumnos material específico salvo que estes os soliciten. Os alumnos contan tamén, na biblioteca do centro, con gramáticas solucionadas que lles permiten afondar naqueles aspectos da materia que eles consideren convinte. Aqueles alumnos/as que asistan as clases de afondamento tamén recibirán apoio para poder superar a materia.

O lugar e a hora de ditas probas facilitaráselle ós alumnos tanto individualmente como públicamente no taboeiro de anuncios do centro e da súa aula.

PROBAS	
---------------	--

	PENDENTES DE 1º BACHARELATO PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN	
	CONVOCATORIA ORDINARIA DE MAIO	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUÑO
Vocabulario e gramática	50%.	50%.
Reading Comprehension e Writing	50%.	50%.
	100%	100%
<p>Convocatoria ordinaria / extraordinaria: Con unha nota inferior a 3 nunha das partes a asignatura estará suspensa. O profesor poderá establecer mínimos en un ou varios dos exercicios dos que constan as diferentes probas. O alumno debe acadar un mínimo de 5 para superar a materia. Non haberá proba de Listening nin de Speaking.</p>		

15- PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA OS REPETIDORES .

Os alumnos que repitan curso con inglés faráselle un seguimento na actividade diaria de aula que permita observar a súa evolución e as posibles dificultades que poidan ter. De ser necesario repetiránse explicacións , se lle supervisará a realización dos exercicios ou se lle proporcionará ou pedirá material de reforzo.

En ocasións, os problemas que xurden non son de dificultade coa materia, se non de atitude: falta de traballo persoal, non seguir as indicacións do profesor, realización das tarefas sen adicarlles o tempo e os procedementos necesarios. Nestes casos, comunicaráselle,ó titor/ora para tomar as medidas oportunas.

16-ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO.

-- Seguiremos os seguintes principios básicos:

- Ensinar a lingua estranxeira co fin de que o alumno/a logre comunicarse e desenvolverse con éxito no plano oral e no escrito, de xeito natural.

- Profundar no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.
- Conseguir que entenda o funcionamento do sistema lingüístico e que reflexione sobre o mesmo, comparándoo coa súa lingua materna, para alcanzar un bo nivel de comunicación.
- Profundar no sistema fonético, nas funcións gramaticais e no vocabulario, de xeito que poida recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.
- Desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas básicas: *listening, speaking, reading e writing*.
- Ofrecerlle todas as facilidades posíbeis para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e que asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais.
- Espertar no alumno a responsabilidade de conseguir a autonomía na súa aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveñan.
- Motivalo con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claras ao longo do curso.
- Fomentar a autoavaliación como ferramenta imprescindible para conseguir un progreso eficaz na aprendizaxe

17- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Nas primeiras semanas de clase faránselle ós alumnos unhas probas iniciais para comprobar o seu nivel. Estas probas serán dunha importancia especial en 1º da ESO, xa que como estamos a observar, que os alumnos empezan a educación secundaria cun nivel moi baixo nesta materia, especialmente na comprensión e expresión oral. O mesmo sucede con algúns alumnos que se incorporan a 1º de Bacharelato procedentes doutros centros. No caso de que o profesor xa coñeza a todos os alumnos do grupo, esta proba poderá non realizarse.

Ditas probas poderán englobar as diferentes destrezas necesarias para unha correcta aprendizaxe desta lingua: vocabulario, gramática, lectura comprensiva, redacción, exercicios de escoita e, por último a expresión oral, proba que se realizará mediante preguntas sinxelas na clase. En función do curso e do grao de coñecemento do alumnado que teña o profesor que está a impartir a materia, estas probas poderán ser de carácter escrito ou de observación na aula mediante exercicios de repaso que engloben as distintas destrezas.

Despois de avaliar estas probas terá lugar unha reunión do seminario para valoralas e determinar se é necesario algunha modificación da programación ou a adopción dalgunha medida en particular, que se reflexaría en acta e, posteriormente, na memoria de fin de curso.

18-MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Terase en conta a diversidade existente nas aulas en canto ao nivel de coñecementos e ao grao de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos/as. Cada profesora, despois dun primeiro contacto co seu alumnado e dunha proba inicial, se é o caso, tomará as decisión máis convintes sobre as medidas que teña que adoptar. Con carácter xeral o profesorado, repasará aqueles contidos que se consideren necesarios, proporcionará ou pedirá de xeito colectivo ou individual, de ser o caso, material adicional para afianzar algún aspecto que se está a traballar, empregará as unidades de repaso que figuran no libro de clase etc. O alumnado téñ tamén a súa disposición gramáticas solucionadas, o Student's Activity Multirom que lle facilita a editorial así como unha páxina web da mesma onde poden atopar diferentes exercicios de repaso o afianzamento das actividades que se realizan na aula.

19-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN .

Na materia de inglés, trabállase con textos en diversos soportes, escritos ou orais, e procedentes de moi diversas fontes, que teñen relación en maior ou menor medida, con tódalas outras materias. É polo tanto, unha materia con un carácter intrínxicamente transversal.

A modo de resumo, cítanse a continuación, algúns exemplos desa transversalidade. Obviamente as materias coa que se ten máis relación é coas as diferentes linguas que se imparten no centro e con as que tratan ós valores éticos e cívicos.

1º ESO: • Matemáticas: contidos relativos ao peso, unidades, números ordinais, cardinais, presos. •Valores éticos: a importancia de manter unha actitude de respecto cara aos profesores e compañeiros, ás quendas de palabra. Reflexións sobre as diferenzas culturais. Normas de conducta. •Bioloxía e Xeoloxía: as partes do corpo, as comidas, os animais, xermes, bacterias. •Xeografía e Historia: o Reino Unido, cidades, situar lugares nun mapa, zonas horarias, as estacións do ano, historia do cinema. •Educación plástica: pintores, arquitectos, as tiras cómicas. •Relixión: celebracións relixiosas. •Tecnoloxía: blogs, xogos de ordenador, a tecnoloxía 3D, páxinas web para facer reservas e planear vacacións. • Educación Física: importancia do exercicio físico, os deportes.

2º ESO: •Valores éticos: Identificación e respecto polos costumes e características da vida cotiá que se traballan na unidade, propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.

Voluntariado. Diferentes crenzas relixiosas. As normas de conducta dos adolescentes británicos. •Xeografía e Historia: crenzas antigas de exipcios e romanos. Tradicións xaponesas.Lendas inglesas. A febre do ouro a través da historia. Paisaxes e lugares xeográficos do mundo. Diversos aspectos da historia, a xeografía, a vida natural e a poboación de California (EE.UU.). A inmigración. • Música: Tipos de música que escoitan. Instrumentos musicais tradicionais do mundo. Tecnoloxía: Videoxogos musicais, os ordenadores, correos electrónicos. Novas formas de pago a través do móbil. • Biloxía e Xeoloxía: Avances da investigación xenética. •Educación Física: Xogos, prácticas e acontecementos deportivos. A forma de vivir e de practicar exercicio. • Relixión: as creenzas relixiosas.

3º ESO: •Valores Éticos: respecto polas costumes doutros países, polas fórmulas de cortesía que se empregan. Respeto á hora de comunicarse polo móbil. A explotación infantil; a desigualdade no mundo. A importancia de manter unha actitude de respecto cara aos profesores e compañeiros, ás quendas de palabra. Reflexións sobre as diferenzas culturais. •Tecnoloxía: internet, blogs, prensa dixital, inventos, foros, móbiles, correo electrónico, GPS, prensa dixital. Biloxía e Xeoloxía: o reciclaxe, os xenes, espazos naturais. •Xeografía e Historia: programas de reciclaxe en distintos países. Situar lugares, cidades, países en un mapa. Xeografía de Gran Bretaña. Lugares de interese turístico en varios países, parques de atraccións, as marabillas do mndo, tempo libre e turismo. Datos biográficos.

4º ESO. • Valores éticos: Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. Coñecemento dos elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira. •Tecnoloxía: internet e outras tecnoloxías da información. •Bioloxía e Xeoloxía: a fabricación de carne en laboratorios, curiosidades relacionadas con dous tipos de animais, enfermidades. • Xeografía e Historia: inventos tecnolóxicos relevantes para humanidade. •Educación Plástica e visual: artistas, pintores. A lexislación sobre a idade legal para abandonar os estudos no Reino Unido. • Física: os avances científicos relacionados coa forma física. •Educación física: os xogos infantís.

1º BACHARELATO. • Tecnoloxías da Información e comunicación: As redes sociais, os correos electrónicos, dispositivos e aparellos que facilitan a vida diaria. Internet. •Cultura audiovisual: videos virais en Internet. Internet, a televisión como medios para comunicar noticias. O cinema. •Historía do Mundo contemporáneo: Costumes e contrastes das distintas culturas. •Tecnoloxía

Industrial: uso de aplicacións de móvil para a vida diaria, aparellos electrónicos (deseño e creación).

•Educación Física: diferentes tipos de deporte e actividades de risco, beneficios do deporte.

•Bioloxía e Xeoloxía: modificación xenética para gañar competicións. Linguaxe e práctica musical: festivales de música. • Economía: comparación de presos, os novos canles de compra, incidencia do turismo na economía dos países. • Filosofía: rexieitamento do dopaxe, tolerancia ás diferentes culturas e os seus costumes.

2º BACHARELATO: •Cultura audiovisual: Famosos coñecidos en diferentes ámbitos coma o deporte, a política, a música, etc. •Tecnoloxías da información e da comunicación: Uso de Internet como medio para comunicarse e solicitar información sobre cursos. Internet como alternativa para recibir cursos de formación. Uso de páxinas web para fins benéficos, como recadar diñeiro para un centro de xente sen fogar. Uso dun blog para dar a coñecer diferentes experiencias ao redor do mundo. Uso da televisión para a difusión da vida salvaxe e o respecto pola mesma. Uso dunhas páxinas web para a publicación de ofertas de emprego. Uso de Internet como medio para establecer comunicación entre candidatos a un posto e empresarios. • Valores éticos: Implicación nos problemas sociais. Importancia do dereito á educación universal en todo o mundo. • Técnicas de expresión gráfico-plástica: Uso de viñetas cómicas para reflectir os problemas sociais máis estendidos. • Xeografía: Identificación da cidade de Nova York. Localización da India, de Australia de Guatemala, de Istambul e Berlín. • Tecnoloxía industrial: Uso de Google Maps como método de localización. As enerxías renovábeis. Creación e construción de edificios respectuosos co ambiente. Os aeroxeradores para crear enerxía eólica. •Ciencias da terra e do ambiente: Importancia da conservación ambiental para os animais e os humanos. Correcto tratamento de refugallos e verteduras. Os problemas ambientais provocados polas industrias. •Deseño: Deseño e arquitectura de edificios respectuosos co ambiente. •Bioloxía: Identificación de animais pouco comúns. Técnicas instintivas de supervivencia dalgúns animais. • Economía da empresa: As persoas e as súas calidades como activos para as empresas. O traballo das persoas como fundamentos do funcionamento empresarial. Rendibilidade do negocio da chatarra. •Psicoloxía: O trato entre persoas no ambiente de traballo. Afrontar unha entrevista de traballo. • Fundamentos de administración e xestión: Selección de CV e entrevistas de traballo como métodos para seleccionar persoal dunha empresa. Publicación de ofertas de traballo en medios de comunicación como medio para a contratación de persoal.

20-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Durante a Semana Cultural que se celebra no segundo trimestre, o departamento de inglés colaborará na realización de actividades relacionadas coa cultura en diferentes países de fala inglesa.
- Ademáis colaborará coas actividades propostas polo equipo da biblioteca coa aportación de diversos proxectos na lingua inglesa.

21-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROPOSTAS DE MELLORA.

Nas diferentes reunións de seminario realizase un seguimento da programación coa finalidade de valorar o seu desenrolo, quedando reflectidas, nas actas de departamento, as variacións, incidencias ou propostas de mellora que se consideran necesarias. Ditas consideracións recóllense tamén na memoria de final de curso, que determinará, se é o caso, as posibles modificacións para a programación de seguinte curso escolar.

22- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Ademáis dos libros de lectura obrigatorios seleccionados para os distintos niveis de aprendizaxe, nas unidades didácticas programadas aparecen unha ampla variedade de “readings” cos que se pretende fomentar a capacidade e a comprensión lectora dos nosos alumnos, así como ampliar o seu vocabulario en múltiples e diferentes ámbitos e temas. As actividades que se realizan son variadas: preguntas de comprensión dos textos, predición do contido dos mesmos partindo do título, dedución do significado das palabras polo contexto, identificación das ideas principais e as secundarias, busca de sinónimos ou antónimos, nexos, referencias textuais etc.

Así mesmo, durante este curso, as profesoras Elena Lagoa Freire e M^a Luísa López Velo colaborarán co Clube de Lectura Fendetestas deste centro, traballando con alumnado de 3^o e 4^o de ESO.

23- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A introducción das novas tecnoloxías implica cambios na maneira de ensinar, sendo imprescindible dotar ás clases dos medios necesarios para levar a cabo esta proposta.

En tódolos cursos traballase co libro dixital do profesor. Empregamos diversos soportes e fontes: CDs, DVDs, videos e información procedente de Internet, dicionarios online, pizarra dixital e insistimos aos nosos alumnos na importancia de empregar todas estas ferramentas como parte do seu aprendizaxe.

24- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A profesora deste departamento M^a Luísa López Velo é a coordinadora do grupo de convivencia dende o curso 2010-2011. Dous membros deste seminario, María Luisa López Velo e María José Barreiro Rey dispoñen de horario como profesoras de Garda na Aula de Convivencia e forman parte da comisión de Convivencia para a resolución de conflitos.

25- MEDIDAS A TOMAR EN CASO DE FRAUDE POR PARTE DOS ALUMNOS.

Advertiráselle a todos os grupos que si o profesor/ora se decata de que algún alumno está cometendo calquer tipo de fraude na realización dunha proba, non se lle deixará continuar facéndoa, o que suporá que a avaliación correspondente, se isto sucede durante o curso, estará suspensa; e isto , por suposto, tamén se aplicará na proba extraordinaria de setembro.

Se se dera o caso de sospeitas fundadas de fraude, baseadas na diverxencia entre o resultado acadado nunha proba e os acadados habitualmente polo alumno/os en cuestión, poderase proceder a realización dunha segunda proba individual para confirmar ou descartar o fraude.

Cando o profesor/ora constate a existencia de calquer tipo de fraude conxunto nun grupo e non se poda identificar ós causantes do mesmo e o o grao de implicación do resto do grupo, suspenderase esa proba e realizarase unha nova. Sen embargo, se os alumnos implicados son identificados, serán sancionados, en principio, con 0 ou 1 nesa avaliación, e, se se considera que a acción é grave, pediríase á dirección do centro a apertura dun expediente disciplinario.